# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 36000341 | CEIP Plurilingüe A Pedra | Bueu | 2024/2025 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación infantil | Descubrimento e exploración da contorna | 6º Inf. | 7 | 245 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

## Contido


| Contido | Páxina |
| --- | --- |
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 4 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 14 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 15 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 16 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 16 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 16 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 17 |
| 7.2. Actividades complementarias | 18 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 19 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 20 |
| 9. Outros apartados | 20 |

## 1. Introdución

A programación da área de Descubrimento e Exploración da Contorna no curso de 6º de EI ten como finalidade a construcción e o coñecemento afianzado do medio físico, natural e social como un todo integrado , así como as súas interrelacións ,favorecendo actitudes de respecto e valoración a través dunha visión sostible do entorno .
O fin da área estará ben vinculado cun enfoque coeducativo e estimulador das emocións, así como coa promoción dunha actitude crítica e creativa.

Esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas entendidas como proxectos de aula formados por situacións de aprendizaxe (tarefas, actividades e exercicios).
Consideramos fundamental seguir respectando o principio de globalidade á hora de deseñar estas situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares.

Esta programación está deseñada para un grupo de 30 alumnos/as de 6º de educación infantil escolarizados no CEIP Plurilungüe A Pedra de Bueu. Nesta programación está recollida a concreción curricular das mestras e mestres que interveñen no proceso de ensino aprendizaxe deste alumnado: dúas mestras titoras, a mestra de apoio de educación infantil, a mestra de lingua estranxeira inglés, a mestra de música e danza, e o mestre de educación física.

A programación está composta por 7 secuencias didácticas que se desenvolverán ao longo do curso escolar nas que se recolle a concreción curricular das mestras titoras e a mestra de apoio.

Os mestres e as mestras especialistas (música e danza, psicomotricidade e lingua estranxeira inglés) contan con unha secuencia didáctica propia dentro da área correspondente á súa especialidade, onde farán constar a súa concreción curricular para este grupo de alumnos e alumnas neste curso escolar. No caso concreto desta área Crecemento e Harmonía atoparemos a secuencia didáctica nº 8 que corresponde ao mestre de educación física.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo. | 1 | | 1 | 1 | 1 | | 1 | |
| OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten. | 1 | | 1 | 1 | 1 | | 1 | |
| OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas. | 1 | | | 1 | | | | 1 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante. | 1 | 1 | | 1 | | 1 | | 1 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | O FIC BUEU | Secuencia didáctica baseada na saída ao festival de cinema da nosa localidade. | 10 | X | | |
| 2 | O MILLO | Secuencia didáctica centrada no cultivo do millo en Galicia | 35 | X | | |
| 3 | O NADAL | Secuencia didáctica na que profundizamos sobre as tradicións culturais do Nadal e da propia estación do inverno | 35 | X | | |
| 4 | CASTELOS,DAMAS E CABALEIROS | Proxecto sobre a Idade Media | 55 | | X | |
| 5 | OS CAMBIOS ESTACIONAIS | Secuencia sobre os cambios de estación. | 55 | | X | |
| 6 | LEVÁNTASE  O PANO | Achegamento ao mundo do teatro. | 45 | | | X |
| 7 | IMOS DE ROMARÍA | Secuencia didáctica sobre as Romarías tradicionais. | 10 | X | X | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | O FIC BUEU | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas. | Emprega os cuantificadores básicos correctos en diferentes contextos. | TI |
| CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información. | Fai asociacións comprensivas dos números e as súas grafías, recoñecendo as cantidades e iniciandose no uso das diferentes operacións. | |
| CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos. | Desplázase polo espazo empregando nocións espaciais básicas, adaptando o movemento aos obxectos presentes e ás accións dos demais. | |
| CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico. | Representa gráficamente a súa situación no espazo, asi como os obxectos e persoas situados nel ,empregando o vocabulario topolóxico básico. | |
| CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas. | Recoñecer situacións susceptibles de medir e cuantificar. | |
| CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás. | Comprende e ordena temporalmente situacións que lle son próximas. | |
| CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais. | Colabora cos seus iguais na secuenciación de accións para deseñar solucións e aplicalas a diferentes situación problemáticas e/ou retos. | |
| CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas. | E quen de empregar estratexias para tolerar a frustración en situacións problemáticas. | |
| CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten. | Emprega estratexias persoais para resolver problemas colaborando cos demáis. | |
| CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional. | Ordena accións mostrando interese e iniciativa na resolución de tarefas analóxicas e dixitais. | |
| CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas. | Participa en propostas coorperativas,valorando respectuosamente as aportacións alleas e chegando a acordos. | |
| CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo. | Participa mostrando iniciativa en actividades STEAM. | |
| CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos. | Respecta e valora os seres vivos do seu entorno e contribúe ao seu coidado. | |
| CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal. | Expresa afectos e emocións positivas relacionados coa familia e cos seus iguais. | |
| CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna. | Amosa iniciativa para relacionarse coas persoas da súa contorna de xeito respectuoso. | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos. | Coñece e describe modelos de familia e parentescos de xeito respectuoso . | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.<br>- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.<br>- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir.<br>- Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento.<br>- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...<br>- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.<br>- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.<br>- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.<br>- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.<br>- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.<br>- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.<br>- A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.<br>- Relacións de parentesco.<br>- A escola.<br>- Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | O MILLO | 35 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas. | É quen de identificar situacións cotiás onde empregar o corpo e/ou outros materiais para efectuar medidas. | TI |
| CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade. | Recoñece os elementos mais identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna e valora a súa importancia. | |
| CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade. | Recoñece as principais festas, costumes e tradicións, propias e alleas, e participa nalgunha delas mostrando interese. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.<br>- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.<br>- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.<br>- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.<br>- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.<br>- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos.<br>- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.<br>- A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.<br>- Relacións de parentesco.<br>- A escola.<br>- Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | O NADAL | 35 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese. | Establece relacións entre obxectos en función de varios atributos. | TI |
| CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos. | Identifica e diferencia formas xeométricas básicas na contorna. | |
| CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas. | É quen de identificar situacións cotiás onde empregar o corpo e/ou outros materiais para efectuar medidas. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. |
| - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. |
| - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. |
| - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. |
| - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir. |
| - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... |
| - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. |
| - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. |
| - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. |
| - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. |
| - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. |
| - Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións. |
| - Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | CASTELOS,DAMAS E CABALEIROS | 55 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico. | Recoñece e describe os efectos producidos por fenómenos naturais tanto en contaxtos sociais coma naturais. | TI |
| CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles. | Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a importancia de facer un uso responsable. | |
| CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade. | Recoñece os elementos máis identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna, e valora a súa importancia. | |
| CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade. | Identifica e valora as diferentes profesións, organizacións e servizos da súa comunidade. | |
| CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade. | Recoñece as principais festas, costumes e tradicións, propias e alleas, e participa nalgunha delas mostrando interese. | |
| CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes. | Recoñece elementos e personaxes do patrimonio cultural galego. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos). |
| - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. |
| - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. |
| - Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais. |
| - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. |
| - A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos. |
| - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. |
| - A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros. |
| - Relacións de parentesco. |
| - Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero. |
| - Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima. |
| - Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | OS CAMBIOS ESTACIONAIS | 55 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese. | Establece relacións entre obxectos en función de varios atributos. | TI |
| CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles. | Propón hipótesis e leva a cabo accións para comprobalas. | |
| CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el. | Coñece situacións de risco provocadas pola actuación das persoas no medio natural e as rexeita, asi como as que favorecen no mesmo un desenvolvemento sostible. | |
| CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico. | Recoñece e describe  os efectos producidos por fenómenos naturais tanto en contaxtos sociais coma naturais. | |
| CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles. | Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a importancia de facer un uso responsable. | |
| CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas. | Recoñece as caracteristicas propias dos seres vivos e dos inertes, e establece comparacións entre eles. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.<br>- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.<br>- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.<br>- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir.<br>- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...<br>- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.<br>- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.<br>- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.<br>- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. |

| Contidos |
|---|
| - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.<br>- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.<br>- Habilidades do pensamento computacional.<br>- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.<br>- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.<br>- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).<br>- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.<br>- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles.<br>- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.<br>- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | LEVÁNTASE  O PANO | 45 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles. | Propón hipótesis e leva a cabo accións para comprobalas. | TI |
| CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el. | Coñece situacións de risco provocadas pola actuación das persoas no medio natural e as rexeita, asi como as que favorecen no mesmo un desenvolvemento sostible. | |
| CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico. | Recoñece e describe os efectos producidos por fenómenos naturais tanto en contextos sociais coma naturais. | |
| CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles. | Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a importancia de facer un uso responsable. | |
| CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas. | Recoñece as características propias dos seres vivos e dos inertes e establece comparacións entre eles. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. |

| Contidos |
|---|
| - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.<br>- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.<br>- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.<br>- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.<br>- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.<br>- Habilidades do pensamento computacional.<br>- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.<br>- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.<br>- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.<br>- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles.<br>- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.<br>- Os seres vivos e as súas características.<br>- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | IMOS DE ROMARÍA | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese. | Establece relacións entre obxectos en función de varios atributos. | TI |
| CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos. | Identifica e diferencia formas xeométricas básicas na contorna. | |
| CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas. | É quen de identificar situacións cotiás onde empregar o corpo e/ou outros materiais para efectuar medidas. | |
| CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el. | Coñece situacións de risco provocadas pola actuación das persoas no medio natural e as rexeita, asi como as que favorecen no mesmo un desenvolvemento sostible. | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico. | Recoñece e describe os efectos producidos por fenómenos naturais tanto en contextos sociais coma naturais. | |
| CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles. | Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a importancia de facer un uso responsable. | |
| CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade. | Recoñece os elementos mais identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna e valora a súa importancia.. | |
| CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade. | Identifica e valora as diferentes profesións, organizacións e servizos da sua comunidade. | |
| CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade. | Recoñece as principais festas, costumes e tradicións ,propias e alleas, e participa nalgunha delas mostrando interese. | |
| CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes. | Recoñece elementos e personaxes do patrimonio cultural galego. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.<br>- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.<br>- Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos.<br>- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.<br>- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir.<br>- Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento.<br>- Identificación das nocións topográficas básicas no plano.<br>- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...<br>- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.<br>- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.<br>- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.<br>- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.<br>- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. |

| Contidos |
| --- |
| - Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.<br>- Habilidades do pensamento computacional.<br>- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.<br>- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.<br>- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.<br>- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles.<br>- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.<br>- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.<br>- Os seres vivos e as súas características.<br>- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos.<br>- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.<br>- A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.<br>- A escola.<br>- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.<br>- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.<br>- Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.<br>- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.<br>- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a empregar no desenvolvemento desta programación está baseada na seguinte concepción psicopedagóxica: partir dos coñecementos previos que posúa o alumnado tendo en conta o nivel evolutivo no que se atopan, co obxectivo de provocar neles conflictos cognitivos que contribúan á construcción de aprendizaxes significativas. Seguindo un enfoque globalizado, dentro dun clima de afecto e confianza onde cada neno e nena se sinta respetado e integrado no grupo. O alumnado será o protagonista da súa propia aprendizaxe nun ensino realista e funcional, baseado na experimentación e o contacto directo como fontes de coñecemento que lle permitan avanzar no proceso de desenvolvemento das habilidades e destrezas necesarias para a adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente.
As principais ferramentas de traballo para desenvolver axeitadamente os procesos de razoamento lóxico e o método científico serán as nocións matemáticas, espaciais e temporais , a curiosidade, a resolución de retos e busca de solucións e a promoción de actividades manipulativas e sensoriais , sempre contextualizadas, partindo de coñecementos e experiencias previas e respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado.
Finalmente, promoveremos actitudes activas de sensibilidade cara o medio ambiente, integrando hábitos de vida sans e sostibles , asi como unha perspectiva divulgativa,crítica e afectuosa respecto aos elementos identitarios da propia cultura, fomentando o respecto hacia outras.
Dentro da metodoloxía desta programación destacamos:

A creación de todo o material de traballo co alumnado por parte das mestras, propiciando unha adaptación do material ás características individuais do alumnado durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe.
No traballo en cada unha das unidades, haberá que levar a cabo actividades de pequenas investigacións e búsqueda de información, deseñar os pasos para chegar á meta definida, difundir o resultado e levar a cabo unha avaliación do proceso.
Ao longo das actividades empregaremos dinámicas individuais, de parella, grupos ou equipos (fomentando o traballo colaborativo e cooperativo) e de gran grupo.
Estarán moi presentes no deseño das actividades os princios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.
Para conseguir máis significativade nas aprendizaxes do alumnado empregaremos estratexias que axuden a conseguilo seguindo os principios básicos da neuroeducación no que di que o alumnado ten que sentir interese polo tema para activar as súas conexións neuronais. Isto irá acompañado de actividades que faciliten a capacidade de aprender do noso alumnado tales como rutinas de pensamento, esquemas visuais...
Nesta programación empregarase un enfoque activo á hora de deseñar as actividades, buscando sempre que as persoas alumnas sexan as protagonistas activas das súas aprendizaxes. Ofreceranse sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades. Para acadalo empregaremos unha organización espacial acorde que permita levar a cabo diferentes propostas á vez e que o alumnado teña variedade para realizar. Destacarán os ambientes de aprendizaxe, recunchos, estacións de traballo...
Contamos na aula cunha pizarra dixital interactiva. O alumno se iniciará no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respetando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Ferramentas tecnolóxicas: ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet, robots (escornabot, ozobot),reproductor musical |
| Material funxible: convencionais e non convencionais |
| Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...) |
| Material visual: carteis,bits, láminas... |
| Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes... |
| Material curricular: currículo, P,E... |
| Material artístico: pinturas, plastilina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, kamisibai, títeres... |
| Material de psicomotricidade: estructuras de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio... |
| Material non estructurado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas... |
| Material de xogo simbólico |
| Instrumentos musicais |
| Comunidade educativa (alumnado, persoal docente e non docente, familias)e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc) |
| Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poda ofrecer no contexto que nos rodea (parques, Biblioteca Concello,etc) |

Sinalar que, non contamos con material didáctico de editorial, os materiais cos que traballa o alumnado son elaborados polas propias mestras.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:
- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das produccións plásticas, escritas, musicais, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temperá das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Criterios de cualificación:**

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución de criterios para cada materia segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación (sen dificultade, en proceso, con dificultade), de forma que o alumno/a obterá a súa cualificación en función do grado de consecución observado pola mestra ou mestre.

**Criterios de recuperación:**

Este apartado non procede nesta etapa.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade rexerase polos principios de normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades, flexibilidade e accesibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia, autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.
A atención á diversidade abrangue á totalidade do alumnado; a súa finalidade e a de procurar o desenvolvemento persoal e social de cada alumna e alumno adecuando a resposta educativa ás diferentes necesidades, características persoais, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos nas ensinanzas establecidas na LOE/LOMLOE defendendo un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e colaboración e promoción da convivencia.
Para dar resposta a estas necesidades teremos en conta as directrices presentes no PE e no Plan de atención á diversidade do noso centro; así como a detección de necesidades a través de medidas de diferente natureza e xeneralidade.
Ademáis a interveción estará baseada nunha atención individualizada e en medidas de reforzo educativo axeitadas

ás necesidades que poidan ir xurdindo ao longo do proceso de ensino aprendizaxe.
Na aula, como norma xeral, acomodaremos o proceso de ensino aprendizaxe ás condicións particulares de cada alumno/a, o que pode traducirse nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e de cooperación familiar. En síntese, a intervención educativa partirá dos coñecementos previos do alumnado, situarase na súa zona de desenvolvemento próximo respectando o seus ritmos de aprendizaxe no ánimo de que cada neno e nena vaian construíndo os seus coñecementos e desevolvéndose conforme ás súas potencialidades.
Polo tanto a atención á diversidade dentro desta programación queda reflectida como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, asi como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, poñendo especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características personais do noso grupo e alumnado, asi como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo asi un modelo inclusivo .
Adecuaremos sempre a estructura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:
-Organizar o aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidade(fisiolóxicas), afectivas, de movemento e curriculares.
-Adecuar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículum axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as líñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
-Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de éste alumnado.
-Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
-Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicaciones cortas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuales como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Deseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH
- Evitar tareas repetitivas e sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades necesiten facer ese tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando siempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades levando a cabo propostas SEM para aquel alumnado que o necesite.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempe dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, de atención temperá do Concello de Bueu, servicios sanitarios, sociais,etc).

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Hábitos de control corporal | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Educación para o consumo responsable | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos | X | X | X | X | X | X | X |

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Visita ao FICBUEU | Saída ao Centro Social do Mar de Bueu para asistir á proxección de curtametraxes da Sección Cativa do Festival Internacional de Cinema de Bueu. Esta saída está enmarcarda dentro da primeira unidade didáctica | X | | |
| Os avós tamén veñen ao cole | Ao longo do curso e coincidindo coa semana do prota,visitáranos un avó /avoa,,coa intención de establecer vínculos interexeracionais. | X | X | X |
| Saída de campo | En algunha unidade realizaremos unha saída para afondar no traballo na aula. | X | X | X |
| Proxecto medioambiental a nosa horta | Ao longo do curso, iremos realizando prantacións, coidados e colleita de productos nas hortas situadas no patio exterior. | X | X | X |
| Saída de fin de curso:Granxa Kiriko | Actividade lúdica das dúas aulas para desfrute dunha xornada na granxa escola | | | X |
| Commemoracións e festas | Actividade de caracter lúdico argallada como remate do curso escolar. | X | X | X |
| Actividades para facilitar a transición á E. Primaria | Visita ao cole de Primaria e ás aulas e titoras que teremos no comezo do E. Primaria | | | X |
| Entroido | Celebración do entroido coa recuperación de tradicións propias da contorna: mandadiño, paxaro do mal agoiro, comparsas¿ | | X | |
| II Art Of Change | Festival artístico solidario organizado polo IES adscrito da nosa localidade, no que participaremos aportando a nosa arte coa finalidade de concienciar á comunidade da importancia de coidar os océanos. | | | X |
| "Imos de romaría" | Actividade conxunta de todo o alumnado do noso centro. | | | X |
| Aniversario de Papirus. | Actividade na que saímos co alumnado do noso centro para visitar o cole de primaria e a sua biblioteca onde vive Papirus, un polbo mascota do noso centro e festexar así o Día das Bibliotecas o 24 de outubro. | X | | |
| Graduación de fin de curso | Acto de despedida do alumnado da súa etapa en educación infantil onde estarán presentes as familias do alumnado. Ofreceremos aos asistentes unha representación teatral musical ideada e deseñada polo alumnado. A actividade terá lugar no salón de actos o IES Johan Carballeira. | | | X |

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Deseño das actividades adecuadas ao alumnado |
| Elementos curriculares presentes nas actividades |
| Temporalización de actividades adecuadas. |
| Metodoloxía empregada |
| Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados |
| A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe. |
| Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Empréganse diversos recursos didácticos. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades |
| Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades. |
| Individualización do proceso segundo as características de cada alumnado |
| Clima de traballo na aula |
| Utilízase diversidade de materiais para acceder á información , para expresarse e para fomentar a motivación. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Existe coordinación co equipo docente. |
| Promóvese a participación das familias. |

**Descrición:**

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso de ensinanza e así poder modificalo e melloralo.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en Infantil ao rematar cada trimestre.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 36000341 | CEIP Plurilingüe A Pedra | Bueu | 2024/2025 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación infantil | Comunicación e representación da realidade | 6º Inf. | 9 | 315 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

**Contido** **Páxina**


| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 22 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 23 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 24 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 24 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 25 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 26 |
| 7.2. Actividades complementarias | 26 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 28 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 29 |
| 9. Outros apartados | 29 |

## 1. Introdución

A programación da área de Comunicación e Representación da Realidade recolle os elementos curriculares que se traballarán ao longo do curso de 6º de EI co fin máximo de promover nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan comezar a desenvolver ferramentas para comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coa contorna e coas demáis persoas que a habitan.

Esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas entendidas como proxectos de aula formados por situacións de aprendizaxe (tarefas, actividades e xogos). Consideramos fundamental seguir respetando o principio de globalidade á hora de deseñar estas situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares.

Esta programación está deseñada para un grupo de 32 alumnos/as de 6º de educación infantil escolarizados no CEIP Plurilungüe A Pedra de Bueu. Nesta programación está recollida a concreción curricular das mestras e mestres que interveñen no proceso de ensino aprendizaxe deste alumnado: dúas mestras titoras, a mestra de lingua estranxeira inglés, a mestra de música e danza, e o mestre de educación física.

A programación está composta por 7 secuencias didácticas que se desenvolverán ao longo do curso escolar nas que se recolle a concreción curricular das mestras titoras e a mestra de apoio.

Os mestres e as mestras especialistas (música e danza, psicomotricidade e lingua estranxeira inglés) contan con unha secuencia didáctica propia dentro da área correspondente á súa especialidade, onde farán constar a súa concreción curricular para este grupo de alumnos e alumnas neste curso escolar. No caso concreto desta área de Comunicación e Representación da Realidade atoparemos as secuencias didácticas nº 8 que corresponde á mestra de música e danza e a nº 9 que corresponde á mestra de lingua estranxeira inglés.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna. | 1 | 1 | | | | 1 | | |
| OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes. | 1 | 1 | | | 1 | | | |
| OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas. | 1 | | 1 | 1 | | | 1 | 1 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características. | 1 | 1 | | 1 | | | | |
| OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural. | 1 | | | 1 | | | | 1 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | O FIC BUEU | Secuencia didáctica baseada na saída ao festival de cinema da nosa localidade. | 15 | X | | |
| 2 | O MILLO | Secuencia didáctica centrada no coñecemento do millo en Galicia | 35 | X | | |
| 3 | O NADAL | Secuencia didáctica na que profundizamos sobre as tradicións culturais do Nadal e da propia estación do inverno | 35 | X | | |
| 4 | CASTELOS ,DAMAS E CABALEIROS | Proxecto sobre a idade media | 60 | | X | |
| 5 | CAMBIOS ESTACIONAIS | Secuencia na que investigaremos sobre as estacións e o sistema solar | 40 | | X | |
| 6 | LEVÁNTASE O PANO | Secuencia na que faremos unha achega ao mundo do teatro | 20 | | | X |
| 7 | IMOS DE ROMARÍA | Secuencia didáctica sobre a orixe e evolución das romarias | 40 | X | X | X |
| 8 | MÚSICA | Ssecuencias de actividades didácticas relacionadas coa danza, canto e ritmos. | 35 | X | X | X |
| 9 | ENJOYING ENGLISH | Emprego do Inglés incorporando rutinas cotiás, xogos, cancións, vocabulario e expresións que lles permitan a inmersión na lingua inglesa con naturalidade ao tratar os distintos contidos do curso. | 35 | X | X | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | O FIC BUEU | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo. | Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) | TI |
| CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos. | Amosa iniciativa para facer aporatacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas | |
| CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade. | Amosa iniciativa para facer aporatacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas | |
| CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. | Emprega as expresións de convencións sociais básicas e unha linguaxe respetuosa coas demáis persoas no intercambio comunicativo | |
| CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas. | Amosa iniciativa para facer aporatacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas | |
| CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás. | Amosa iniciativa para facer aporatacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas | |
| CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión. | Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica recoñecendo e diferenciando os as unidades da lingua coma fonemas, letras, sílabas e palabras. | |
| CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais. | Comprende a intención comunicativa e interpreta das mensaxes emitidas por outras persoas ea as interpreta correctamente. | |
| CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza. | Emprega a linguaxe para chegar a acordos cos demáis para satisfacer as súas necesidades e desexos | |
| CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral. | Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) | |
| CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión. | É quen de realizar grafismos, libres e/ou suxeridos, así como a escritura de diferentes palabras sinxelas coñecidas polo alumnado. | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso. | Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria, respectando as normas de uso e colaborando na súa organización. | |
| CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios. | Escoita con atención a lectura de textos literarios de certa extensión e goza compartíndo ese momento coas compañeiras e compañeiros. | |
| CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubrindo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria. | Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo tras a escoita o lectura dun texto literario. | |
| CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons. | Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica amosando capacidade para percibir e discriminar diferentes sons. | |
| CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa. | Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais para crear produtos propios e creativos. | |
| CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados. | Coñece, acepta e respecta as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas e amosa unha actitude responsable. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Comunicación interpersoal: empatía e asertividade.<br>- Ampliación do repertorio lingüístico individual.<br>- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.<br>- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.<br>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.<br>- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.<br>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.<br>- Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.<br>- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.<br>- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.<br>- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.<br>- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.<br>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.<br>- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. |

| Contidos |
| --- |
| - Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.<br>- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.<br>- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.<br>- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.<br>- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.<br>- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.<br>- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.<br>- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.<br>- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.<br>- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.<br>- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.<br>- Respecto polas producións alleas.<br>- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.<br>- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.<br>- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.<br>- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.<br>- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 2 | O MILLO | 35 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
| --- | --- | --- |
| CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable. | Amosa iniciativa por compartir a súa intepretación de representacións ou manifestacións artísticas. | TI |
| CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo. | Realiza creacións artísticas onde reflexa a súa imaxinación, ideas e emocións e goza o proceso. | |
| CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais. | Comprende a intención comunicativa e interpreta das mensaxes emitidas por outras persoas e a as interpreta correctamente. | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos. | É quen de identificar, diferenciar e clasificar palabras segundo as súas características | |
| CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión. | É quen de mostrar certo control grafomotor | |
| CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo. | Amosa iniciativa por expresar a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo. | |
| CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza. | Participa en actividades de danza e dramatización movendo o corpo de xeito libre e dirixido expresando emocións. | |
| CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa. | Participa en actividades de expresión corporal libre axustando o seu movemento ao espazo e a das demáis persoas. | |
| CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática. | Fai achegas sobre as interpretacións dos demáis, expresando a súa valoración de xeito empático e respetuoso. | |
| CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas. | É capaz de expresarse corporalmente, empregando o corpo, o movemento, a cara e a postura, a partir de creacións feitas noutras linguaxes. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.<br>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.<br>- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.<br>- Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.<br>- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.<br>- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.<br>- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.<br>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.<br>- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.<br>- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.<br>- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.<br>- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.<br>- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas. |

| Contidos |
|---|
| - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.<br>- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.<br>- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos¿) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.<br>- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.<br>- Uso do baile e da danza como medios de expresión.<br>- Respecto cara ás producións alleas.<br>- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | O NADAL | 35 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo. | Realiza creacións artísticas onde reflexa a súa imaxinación, ideas e emocións e goza o proceso. | TI |
| CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima. | Valora positivamente a lingua da contorna | |
| CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais. | Comprende a intención comunicativa e interpreta das mensaxes emitidas por outras persoas ea as interpreta correctamente. | |
| CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión. | Progresa no control grafomotriz | |
| CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo. | Realiza creacións artísticas e culturais onde reflexa a súa imaxinación e expresa ideas e emocións gozando proceso. | |
| CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo. | Amosa iniciativa por expresar a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo. | |
| CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas. | É quen de expresarse musicalmente, empregando a voz, o corpo e instrumentos musicais, a partir de creacións feitas noutras linguaxes. | |
| CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable. | Amosa iniciativa para compartir a súa intepretación de representacións ou manifestacións artísticas. | |
| CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo. | Realiza creacións plásticas empregando diferentes materiais e técnicas, así como colaborando coas súas compañeiras e compañeiros. | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo. | Realiza creacións plásticas onde reflexa a súa imaxinación, ideas e emocións e goza o proceso. | |
| CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo. | Amosa iniciativa por expresar a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo. | |
| CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática. | Fai achegas sobre producións dos demáis, expresando a súa valoración de xeito empático e respetuoso. | |
| CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles. | Realiza obras plásticas, empregando diferentes técnicas e materiais  de xeito libre e dirixido, a partir de creacións feitas noutras linguaxes. | |
| CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable. | Comparte espontáneamente a súa intepretación de representacións ou manifestacións artísticas dixitais. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.<br>- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.<br>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.<br>- Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.<br>- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.<br>- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.<br>- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.<br>- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números¿<br>- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.<br>- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.<br>- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.<br>- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.<br>- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.<br>- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.<br>- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.<br>- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo. |

| Contidos |
|---|
| - Respecto polas producións alleas.<br>- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.<br>- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.<br>- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.<br>- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.<br>- Respecto cara ás producións alleas.<br>- Planificación da acción en producións plásticas.<br>- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.<br>- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.<br>- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.<br>- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.<br>- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | CASTELOS ,DAMAS E CABALEIROS | 60 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais. | Emprega a linguaxe oral con iniciativa nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) amosando un discurso organizado e coherente. | TI |
| CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas. | É quen de expresarse oralmente, empregando oracións nun discurso sinxelo, a partir de creacións feitas noutras linguaxes. | |
| CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa. | Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito autónomo. | |
| CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión. | É quen de desenvolverse en actividades que requiren certo control grafomotor. | |
| CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo¿ | Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito autónomo. | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas. | É capaz de expresarse de xeito escrito, empregando signos, palabras e oracións a partir de creacións feitas noutras linguaxes. | |
| CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos. | É quen de identificar, diferenciar e clasificar palabras segundo as súas características. | |
| CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo. | Amosa iniciativa por expresar a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo. | |
| CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática. | Fai achegas sobre as interpretacións dos demáis, expresando a súa valoración de xeito empático e respetuoso. | |
| CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais. | Amosa iniciativa por facer aportacións nas situacións virtuais de intercambio comunicativo | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.<br>- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.<br>- Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.<br>- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.<br>- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.<br>- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a compresión.<br>- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.<br>- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.<br>- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números¿<br>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.<br>- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.<br>- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.<br>- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.<br>- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.<br>- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas. |

| Contidos |
|---|
| - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.<br>- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.<br>- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.<br>- Respecto cara ás producións alleas.<br>- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.<br>- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.<br>- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.<br>- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.<br>- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | CAMBIOS ESTACIONAIS | 40 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso. | Recoñece, comprende e emprega algunha palabra en ambas linguas oficiais. | TI |
| CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais. | Emprega a linguaxe oral con iniciativa nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) amosando un discurso organizado e coherente. | |
| CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa. | Emprega a linguaxe oral con iniciativa nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) amosando un discurso organizado e coherente. | |
| CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión. | Progresa en precisión grafomotriz | |
| CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo¿ | Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito autónomo. | |
| CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas. | É capaz de expresarse de xeito escrito, empregando signos, palabras e oracións a partir de creacións feitas noutras linguaxes. | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos. | É capaz de expresarse de xeito escrito, empregando signos, palabras e oracións a partir de creacións feitas noutras linguaxes. | |
| CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo. | Amosa iniciativa por expresar a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo. | |
| CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática. | Fai achegas sobre producións dos demáis, expresando a súa valoración de xeito empático e respetuoso. | |
| CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais. | Amosa iniciativa por facer aportacións nas situacións virtuais de intercambio comunicativo | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Ampliación do repertorio lingüístico individual.<br>- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.<br>- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.<br>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.<br>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.<br>- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.<br>- Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.<br>- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.<br>- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.<br>- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.<br>- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a compresión.<br>- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.<br>- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.<br>- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números¿<br>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.<br>- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.<br>- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.<br>- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero. |

| Contidos |
|---|
| - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.<br>- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.<br>- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.<br>- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.<br>- Respecto cara ás producións alleas.<br>- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.<br>- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.<br>- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.<br>- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.<br>- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | LEVÁNTASE O PANO | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso. | Recoñece, comprende e emprega algunha palabra en ambas linguas oficiais. | TI |
| CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais. | Emprega a linguaxe oral con iniciativa nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) amosando un discurso organizado e coherente. | |
| CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa. | Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito autónomo. | |
| CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión. | Progresa no control grafomotriz | |
| CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo¿ | Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito autónomo. | |
| CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas. | É capaz de expresarse de xeito escrito, empregando signos, palabras e oracións a partir de creacións feitas noutras linguaxes. | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos. | É quen de identificar, diferenciar e clasificar palabras segundo as súas características | |
| CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas. | Participa en actividades dramáticas e musicais asumindo roles e utilizando instrumentos, recursos e técnicas. | |
| CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática. | Fai achegas sobre as producións dos demáis, expresando a súa valoración de xeito empático e respetuoso. | |
| CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo. | Amosa iniciativa por expresar a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo. | |
| CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais. | Amosa iniciativa por facer aportacións nas situacións virtuais de intercambio comunicativo comunicativo | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Ampliación do repertorio lingüístico individual.<br>- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.<br>- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.<br>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.<br>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.<br>- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.<br>- Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.<br>- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.<br>- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.<br>- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.<br>- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a compresión.<br>- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.<br>- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.<br>- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números¿<br>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.<br>- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.<br>- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas. |

| Contidos |
|---|
| - Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.<br>- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.<br>- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.<br>- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.<br>- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.<br>- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.<br>- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.<br>- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.<br>- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.<br>- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.<br>- Respecto polas producións alleas.<br>- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.<br>- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.<br>- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.<br>- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.<br>- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.<br>- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | IMOS DE ROMARÍA | 40 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable. | Amosa iniciativa por compartir a súa intepretación de representacións ou manifestacións artísticas. | TI |
| CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes. | Mostra interés por ampliar o seu repertorio comunicativo para cos demáis. | |
| CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima. | Valora, recoñece e emprega algunha particularidade lingüística da contorna próxima. | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais. | Emprega a linguaxe oral con iniciativa nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) amosando un discurso organizado e coherente. | |
| CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa. | Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito autónomo. | |
| CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos. | É quen de identificar, diferenciar e clasificar palabras segundo as súas características | |
| CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión. | Progresa no control grafomotriz | |
| CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo¿ | Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito autónomo. | |
| CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas. | É capaz de expresarse de xeito escrito, empregando signos, palabras e oracións a partir de creacións feitas noutras linguaxes. | |
| CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos. | É quen de identificar, diferenciar e clasificar palabras segundo as súas características | |
| CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo. | Amosa iniciativa por expresar a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo. | |
| CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas. | Participa en actividades dramáticas e musicais asumindo roles e utilizando instrumentos, recursos e técnicas. | |
| CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática. | Fai achegas sobre as producións dos demáis, expresando a súa valoración de xeito empático e respetuoso. | |
| CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo. | Amosa iniciativa por expresar a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo. | |
| CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo. | Amosa iniciativa por expresar a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo. | |
| CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais. | Amosa iniciativa por facer aportacións nas situacións virtuais de intercambio comunicativo | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. |

| **Contidos** |
|---|
| - Ampliación do repertorio lingüístico individual.<br>- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.<br>- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.<br>- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.<br>- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.<br>- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.<br>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.<br>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.<br>- Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.<br>- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.<br>- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.<br>- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a compresión.<br>- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.<br>- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.<br>- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números¿<br>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.<br>- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.<br>- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.<br>- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.<br>- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.<br>- Memorización e recitado de textos literarios.<br>- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.<br>- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.<br>- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.<br>- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.<br>- Situacións de lectura. Vínculos afectivos e lúdicos a través de modelos lectores de referencia.<br>- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora. |

| Contidos |
|---|
| - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.<br>- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.<br>- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.<br>- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.<br>- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.<br>- Respecto polas producións alleas.<br>- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.<br>- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.<br>- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.<br>- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.<br>- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.<br>- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.<br>- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.<br>- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 8 | MÚSICA | 35 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons. | Percibe, identifica e discrimina sons da contorna e de algúns instrumentos. | TI |
| CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas. | Interpreta as propostas dramáticas e musicais traballadas na clase utilizando e explorando diferentes instrumentos e recursos. | |
| CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática. | Valora as producións dos demáis de forma respectuosa e empática. | |
| CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo. | Expresa emocións, e pensamentos a través de cancións e danzas. | |
| CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo. | Expresa gustos e opinións sobre as audicións, explicando as emocións que lle produce. | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas. | Interpreta mediante a voz e os intrumentos, mensaxes expresadas noutras linguaxes. | |
| CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza. | Participa en actividades de danza e dramatización movendo o corpo de xeito libre e dirixido. | |
| CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa. | Participa en actividades de expresión corporal libre axustando o seu movemento ao dos demais. | |
| CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática. | Valora de xeito guiado as interpretacións dos demais de xeito respetuoso. | |
| CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas. | Expresase corporalmente, empregando o corpo e o movemento, a partir de creacións feitas noutras linguaxes. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.<br>- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.<br>- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.<br>- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.<br>- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.<br>- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.<br>- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.<br>- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.<br>- Respecto polas producións alleas.<br>- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.<br>- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos¿) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.<br>- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.<br>- Uso do baile e da danza como medios de expresión.<br>- Respecto cara ás producións alleas.<br>- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 9 | ENJOYING ENGLISH | 35 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo. | Expresa algunhas emocións, deas e pensamentos co vocabulario visto. | TI |
| CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas. | Utiliza con normalidade o vocabulario básico de interacción utilizado na clase. | |
| CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás. | Participa nas principais rutinas e situacións cotiás como saudarse e despedirse con asiduidade. | |
| CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión. | Discrimina os principais sons da lingua estranxeira estudados. | |
| CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais. | Entende e interpreta as principais mensaxes. | |
| CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa. | Mostra interese pola forma escrita dalgunhas palabras vistas. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. |
| - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. |
| - Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. |
| - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. |
| - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica. |
| - Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a empregar no desenvolvemento desta programación está baseada na seguinte concepción psicopedagóxica: partir dos coñecementos previos que posúa o alumnado tendo en conta o nivel evolutivo no que se atopan, co obxectivo de provocar neles conflictos cognitivos que contribúan á construcción de aprendizaxes significativas. Seguindo un enfoque globalizado, dentro dun clima de afecto e confianza onde cada neno e nena se sinta respetado e integrado no grupo. O alumnado será o protagonista da súa propia aprendizaxe nun ensino realista e funcional, baseado na experimentación e o contacto directo como fontes de coñecemento que lle permitan avanzar

no proceso de desenvolvemento das habilidades e destrezas necesarias para a adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente.

Na área que nos atopamos (CRR) sempre deberemos ter en conta a concepción positiva da infancia ao respecto das súas múltiples potencialidades comunicativas, e como aula e escola deberemos dar resposta creando as condicións para que as diferentes linguaxes se desenvolvan plenamente. Teremos sempre en consideración o deseño de situacións de aprendizaxe relativas aos intereses das nenas e dos nenos que respecten a necesaria transferencia dunhas linguaxes a outras, combinando as diferentes técnicas, recursos e materiais propios de cada unha para un mellor autocoñecemento e comprensión da realidade. O emprego de diferentes linguas, con especial énfase nas da súa contorna, incorporadas ás rutinas cotiás xogos ou cancións que permitan a inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos do mundo global que os rodea.

Dentro da metodoloxía desta programación destacamos:

A creación de todo o material de traballo co alumnado por parte das mestras, propiciando unha adaptación do material ás características individuais do alumnado durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe.

. En todas as unidades, haberá que levar a cabo actividades de pequenas investigacións e búsqueda de información, deseñar os pasos para chegar á meta definida, difundir o resultado e levar a cabo unha avaliación do proceso.

Ao longo das actividades empregaremos dinámicas individuais, de parella, grupos ou equipos (fomentando o traballo colaborativo e cooperativo) e de gran grupo.
Estarán moi presentes no deseño das actividades os princios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.

Para conseguir máis significativade nas aprendizaxes do alumnado empregaremos estratexias que axuden a conseguilo seguindo os principios básicos da neuroeducación no que di que o alumnado ten que sentir interese polo tema para activar as súas conexións neuronais. Isto irá acompañado de actividades que faciliten a capacidade de aprender do noso alumnado tales como rutinas de pensamento, esquemas visuais
Nesta programación empregarase un enfoque activo á hora de deseñar as actividades, buscando sempre que as persoas alumnas sexan as protagonistas activas das súas aprendizaxes. Ofreceranse sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades. Para acadalo empregaremos unha organización espacial acorde que permita levar a cabo diferentes propostas á vez e que o alumnado teña variedade para realizar. Destacarán os ambientes de aprendizaxe, recunchos, estacións de traballo.....

Contamos na aula cunha pizarra dixital interactiva, na que realizamos diversas actividades deseñadas polas mestras dentro de cada unidade didáctica, así mesmo contamos cunha grabadora de audio e cámara dixital para poder facer fotos e videos. O alumno se iniciará no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respetando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet, robots (escornabot, ozobot), reproductor musical |
| Material funxible: convencionais e non convencionais |
| Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...) |
| Material visual: carteis, bits, láminas... |
| Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes... |

| |
|---|
| Material curricular: Currículum, P.E.... |
| Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, kamisibai, títeres... |
| Material de psicomotricidad: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio... |
| Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas... |
| Material de xogo simbólico |
| Comunidade educativa ( Alumnado, persoal docente e non docente, familias ) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc) |
| Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea. (parques, biblioteca Concello, etc) |
| Instrumentos musicais. |
| Materiais específicos de Inglés: Marionetas, láminas de vocabulario, vídeos, cancións, xogos, fichas, etc. |

Sinalar que, non contamos con material didáctico de editorial, os materiais cos que traballa o alumnado son elaborados polas propias mestras.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das produccións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Criterios de cualificación:**

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa cualificación en función do grado de consecución observado polo maestro/a.

**Criterios de recuperación:**

Este apartado non procede nesta etapa.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade rexerase polos principios de normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades, flexibilidade e accesibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia, autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.
A atención á diversidade abrangue á totalidade do alumnado; a súa finalidade e a de procurar o desenvolvemento persoal e social de cada alumna e alumno adecuando a resposta educativa ás diferentes necesidades, características persoais, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos nas ensinanzas establecidas na LOE/LOMLOE defendendo un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e colaboración e promoción da convivencia.
Para dar resposta a estas necesidades teremos en conta as directrices presentes no PE e no Plan de atención á diversidade do noso centro; así como a detección de necesidades a través de medidas de diferente natureza e xeneralidade.
Como MEDIDAS PREVENTIVAS o departamento de orientación do centro establece unha avaliación inicial do alumnado que foi obxecto de intervención ou demanda por parte da titora o curso pasado, para valorar as necesidades. Ademais atendendo ao PAD, como medida preventiva, o noso alumnado ten unha sesión á semana de PELO, para favorecer a intervención da linguaxe oral.
Na aula, como norma xeral, acomodaremos o proceso de ensino aprendizaxe ás condicións particulares de cada alumno/a, o que pode traducirse nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e de cooperación familiar. En síntese, a intervención educativa partirá dos coñecementos previos do alumnado, situarase na súa zona de desenvolvemento próximo respectando o seus ritmos de aprendizaxe no ánimo de que cada neno e nena vaian construíndo os seus coñecementos e desevolvéndose conforme ás súas potencialidades.
Polo tanto a atención á diversidade dentro desta programación queda reflectida como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, asi como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, poñendo especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características personais do noso grupo e alumnado, asi como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo asi un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades, e colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado

Adecuaremos sempre a estructura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:
-Organizar o aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidade(fisiolóxicas), afectivas, de movemento e curriculares.
-Adecuar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículum axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as líñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
-Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de éste alumnado.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
-Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicaciones cortas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuales como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).

- Evitar tareas repetitivas e sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades necesiten facer ese tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando siempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempe dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, de atención temperá do Concello de Bueu, servicios sanitarios, sociais,etc).

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional | X | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Hábitos de control corporal. | X | X | X | X | X | X | X | X | |
| ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social. | X | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos. | X | X | X | X | X | X | X | | |
| ET.5 - Educación para o consumo responsable. | X | X | X | X | X | X | X | | |
| ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos. | X | X | X | X | X | X | X | X | X |

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Visita ao FICBUEU | Saída ao Centro Social do Mar de Bueu para asistir á proxección de curtametraxes da Sección Cativa do Festival Internacional de Cinema de Bueu. Esta saída está enmarcarda dentro da primeira unidade didáctica | X | | |
| Os avós tamén veñen ao cole | En cada unidade invitaremos a unha persoa familiar do alumnado para que veña a contar un conto relacionado coa materia que estamos a traballar. | X | X | X |
| Saída de campo | En cada unidade realizaremos unha saída para afondar no traballo na aula. | X | X | X |
| Proxectos medioambientais, a nosa horta | Ao longo do curso escolar coidaremos a nosa horta escolar, situada no patio do noso centro. | X | X | X |
| Saída de fin de curso:Granxa Kiriko | Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final de curso. | | | X |
| Conmemoracións e festas | Participaremos nas distintas conmemoracións e celebracións ao longo do curso (Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas,) en colaboración con toda a comunidade educativa. | X | X | X |
| Actividades para facilitar a transición a E.P. | Visita ao cole de primaria, coñecemento das aulas e titor@s de primeiro,  xogos e/ou actividades cos alumnos/as de primeiro ciclo, acto de graduación e despedida de infantil¿ | | | X |
| II Art Of Change | Festival artístico solidario organizado polo IES adscrito da nosa localidade, no que participaremos aportando a nosa arte coa finalidade de concienciar á comunidade da importancia de coidar os océanos. | | | X |
| Aniversario de Papirus. | Actividade na que saímos co alumnado do noso centro para visitar o cole de primaria e a sua biblioteca onde vive Papirus, un polbo mascota do noso centro e festexar así o Día das Bibliotecas o 24 de outubro. | X | | |
| Entroido | Celebración do entroido coa recuperación de tradicións propias da contorna: mandadiño, paxaro do mal agoiro, comparsas¿ | | X | |
| Graduación de fin de curso. | Acto de despedida do alumnado da súa etapa en educación infantil onde estarán presentes as familias do alumnado. Ofreceremos aos asistentes unha representación teatral musical ideada e deseñada polo alumnado. A actividade terá lugar no salón de actos o IES Johan Carballeira. | | | X |
| Imos de Romaría | Actividade conxunta de todo o alumnado do noso centro. | | | X |
| Celebracións en Inglés: | Celebrarase cos nenos/as: Halloween, Christmas, Carnival e Easter xa que son as principais celebracións inglesas. | X | X | X |

**Observacións:**

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Elementos curriculares presentes nas actividades. |
| Temporalización de actividades adecuada. |
| A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Utilízase diversidade de materiais para accederá información, para expresarse e para fomentar a motivación. |
| Empréganse diversos recursos didácticos. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Deseño das actividades adecuadas ao alumnado |
| Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades. |
| Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas. |
| Individualización do proceso ás características de cada alumna/o. |
| Clima de traballo na aula |
| Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Existe coordinación co equipo docente. |
| Promóvese a participación das familias. |
| Outros |
| Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados. |

**Descrición:**

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso posibilitando modificacións e melloras.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a titoría, a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 36000341 | CEIP Plurilingüe A Pedra | Bueu | 2024/2025 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación infantil | Crecemento en harmonía | 6º Inf. | 8 | 280 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 4 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 15 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 15 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 16 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 16 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 17 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 18 |
| 7.2. Actividades complementarias | 18 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 19 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 20 |
| 9. Outros apartados | 20 |

## 1. Introdución

A programación da área de Crecemento e Harmonía recolle os elementos curriculares que se traballarán ao longo do curso de 6º de EI co fin de que os nenos e as nenas coñezan, dominen e coiden o seu propio corpo. Esta construción involucra diversas dimensións interdependentes, como o desenvolvemento e a valoración propia, a autonomía, a identidade ou a convivencia.
Esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas entendidas como proxectos de aula formados por tarefas, actividades e exercicios. Consideremos fundamental seguir respetando o principio de globalidade á hora de deseñar situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares.
Para levar a cabo unha concreción dos elementos curriculares que irán en cada unidade ou proxecto adaptable a diferentes realidades de aula, establecemos categorías xerais que actuarán coma centro de interese orientativo, pero que cada mestra ou mestre poderá adaptar a un tema máis concreto, sempre favorecendo que xurdan dos intereses das nenas e nenos.
Esta programación está deseñada para un grupo de 32 alumnos/as de 6º de educación infantil escolarizados no CEIP Plurilungüe A Pedra de Bueu. Nesta programación está recollida a concreción curricular das mestras e mestres que interveñen no proceso de ensino aprendizaxe deste alumnado: dúas mestras titoras, a mestra de apoio de educación infantil, a mestra de lingua estranxeira inglés, a mestra de música e danza, e o mestre de educación física.
A programación está composta por 7 secuencias didácticas que se desenvolverán ao longo do curso escolar nas que se recolle a concreción curricular das mestras titoras e a mestra de apoio.
Os mestres e as mestras especialistas (música e danza, psicomotricidade e lingua estranxeira inglés) contan con unha secuencia didáctica propia dentro da área correspondente á súa especialidade, onde farán constar a súa concreción curricular para este grupo de alumnos e alumnas neste curso escolar. No caso concreto desta área Crecemento e Harmonía atoparemos a Unidade Didáctica nº 8 " EXERCITAMOS O CORPO" que corresponde ao mestre de educación física.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva. | 1 | | | | 1 | 1 | 1 | |
| OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva | 1 | 1 | | | 1 | 1 | 1 | 1 |
| OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable | | | 1 | 1 | | 1 | 1 | 1 |
| OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos | | | | | | 1 | 1 | 1 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | O FIC EN BUEU | Secuencia didáctica baseada na saída ao festival de cinema da nosa localidade. | 15 | X | | |
| 2 | O MILLO | Secuencia didáctica centrada na plantación e colleita do millo en Galicia. | 30 | X | | |
| 3 | O NADAL | Secuencia didáctica na que profundizamos sobre as tradicións culturais do Nadal e da propia estación do inverno | 30 | X | | |
| 4 | CASTELOS, CABALEIROS E DAMAS | Proxecto de achegamento da vida e costumes na Idade Media. | 40 | | X | |
| 5 | CAMBIOS ESTACIONAIS | Secuencia sobre a procedencia dos cambios de estación . | 55 | | X | |
| 6 | LEVÁNTASE O PANO | Achegamento ao teatro. | 20 | | | X |
| 7 | IMOS DE ROMARÍA | Proxecto colaborativo de todo o alumnado do noso centro. | 20 | X | X | X |
| 8 | EXERCITAMOS O CORPO | Conxunto de actividades de psicomotricidade para axudar aos nenos/as a coñecer o seu corpo, desenrolar o seu movemento corporal, melllorar a relación cos demais e controlar as súas emocións. | 70 | X | X | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | O FIC EN BUEU | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento | Controla o seu corpo en diferentes posturas e situacións motrices. | TI |
| CA1.5 - Coordinar e controlar ou seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz | Adapta as súas posibilidades motrices ás actividades da vida cotiá e ao emprego de diferentes obxectos. | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas | Axusta os seus movementos e habilidades manipulativas ao xogo dirixido e espontáneo. amosando cada vez máis control | |
| CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino | Manexa con destreza útiles segundo as necesidades de cada situación. | |
| CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa. | Participa en xogos e situación da vida cotiá, mostrando iniciativa e confianza. | |
| CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais. | Participa en xogos, axustando o xogo ás súas posibilidades | |
| CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais. | Ofrece e pide axuda aos compañeiras/os. | |
| CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación. | Acepta as diferencias individuais sen discriminar nos xogos e actividades colectivas, mostrando iniciativa e afecto | |
| CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino. | Manexa con destreza útiles segundo as necesidades de cada situación. | |
| CA3.5 - Respectar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas. | Recoñece e respecta os tempos das actividades cotiás, e as leva a cabo de xeito autónomo. | |
| CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas. | Resolve problemas de xeito autónomo, colaborando e aceptando as normas. | |
| CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa. | Participa en xogos e situación da vida cotiá mostrando iniciativa e confianza. | |
| CA4.2 - Respectar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas. | Recoñece e respecta os tempos das actividades cotiás e as leva a cabo de xeito autónomo. | |
| CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación. | Relaciónase con outras persoas en xogos e actividades colectivas, evitando todo tipo de discriminación | |
| CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás. | Interaciona nas rutinas e nas actividades cotiás de xeito tolerante e asertivo coas demáis persoas. | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas. | Resolve conflitos de forma positiva valorando os intereses de todas as persoas implicadas | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.<br>- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.<br>- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.<br>- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado.<br>- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.<br>- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.<br>- Avance e control progresivo da motricidade fina.<br>- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.<br>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.<br>- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.<br>- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.<br>- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.<br>- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.<br>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.<br>- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.<br>- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.<br>- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.<br>- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.<br>- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.<br>- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.<br>- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.<br>- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto. |

| Contidos |
| --- |
| - Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.<br>- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.<br>- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.<br>- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 2 | O MILLO | 30 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
| --- | --- | --- |
| CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal | Realiza a representación do seu corpo e identifica as súas diferentes partes. | TI |
| CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e extereoceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen | Explica as sensacións que lle producen os seus sentidos | |
| CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións | Mostra confianza nas súas posibilidades e actúa acorde ás súas limitacións | |
| CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade | Recoñece algunhas semellanzas e diferencias nas valorando a diversidade. | |
| CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais. | Fai aportacións con iniciativa sobre as súas emocións, sentimientos e vivencias | |
| CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións. | Xestiona as súas emocións expresando os seus sentimentos | |
| CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións. | É quen de empregar de estratexias de xestión emocional para tolerar a frustración | |
| CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais. | Recoñece hábitos saudables, e os aplica no uso dos espazos e materiais. | |
| CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa. | Cóidase e coida a contorna | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
| --- |
| - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.<br>- Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais.<br>- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.<br>- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado.<br>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.<br>- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.<br>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.<br>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.<br>- O xogo como ferramenta de exploración persoal.<br>- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.<br>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.<br>- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.<br>- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.<br>- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 3 | O NADAL | 30 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
| --- | --- | --- |
| CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e extereoceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen | Explica as sensacións que lle producen os seus sentidos | TI |
| CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións | Mostra confianza nas súas posibilidades e actúa acorde coas súas limitacións | |
| CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais. | Fai aportacións con iniciativa sobre as súas emocións, sentimientos e vivencias | |
| CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións. | Xestiona as súas emocións expresando os seus sentimentos. | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos. | Fai aportacións, con iniciativa, sobre os seus gustos, preferencias e inquedanzas | |
| CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas. | Participa en actividades culturais mostrando interese por coñecelas | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. |
| - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. |
| - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. |
| - Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses. |
| - Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais. |
| - Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias. |
| - Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa. |
| - Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto. |
| - Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | CASTELOS, CABALEIROS E DAMAS | 40 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade | Recoñece algunhas semellanzas e diferncias nas persoas valorando a diversidade. | TI |
| CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais. | Fai aportacións con iniciativa sobre as súas emocións, sentimientos e vivencias | |
| CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos. | Imita situacións de xogo simbólico identificando e rexeitando os estereotipos. | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas. | Fai algunhas aportacións sobre normas sociais e recoñece a importancia de cumprilas. | |
| CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas. | Participa en actividades culturais mostrando interese por coñecelas | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.<br>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.<br>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.<br>- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.<br>- O xogo como ferramenta de exploración persoal.<br>- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.<br>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.<br>- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.<br>- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.<br>- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.<br>- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.<br>- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.<br>- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | CAMBIOS ESTACIONAIS | 55 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e extereoceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen | Explica as sensacións que lle producen os seus sentidos. | TI |
| CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos. | Fai aportacións, con iniciativa, sobre os seus gustos, preferencias e inquedanzas | |
| CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas. | Acepta as normas evitando riscos | |
| CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa. | Cóidase e coida a contorna | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.<br>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.<br>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.<br>- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.<br>- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.<br>- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | LEVÁNTASE O PANO | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e extereoceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen | Explica as sensacións que lle producen os seus sentidos. | TI |
| CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos. | Fai aportacións, con iniciativa, sobre os seus gustos, preferencias e inquedanzas | |
| CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas. | Acepta as normas evitando riscos | |
| CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa. | Cóidase e coida a contorna | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.<br>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.<br>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.<br>- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.<br>- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.<br>- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | IMOS DE ROMARÍA | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade | Recoñece algunhas semellanzas e diferencias nas persoas valorando a diversidade. | TI |
| CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais. | Fai aportacións con iniciativa sobre as súas emocións, sentimientos e vivencias | |
| CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas. | Acepta as normas evitando riscos | |
| CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa. | Coidase e coida a contorna. | |
| CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos. | Imita situacións no xogo simbólico, identificando e rexeitando os estereotipos. | |
| CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas. | Fai aportacións sobre as normas sociais e recoñece a importancia de cumprilas. | |
| CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas. | Participa en actividades culturais mostrando interese por coñecelas | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.<br>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.<br>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.<br>- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.<br>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.<br>- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.<br>- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.<br>- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.<br>- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.<br>- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.<br>- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.<br>- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.<br>- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.<br>- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.<br>- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.<br>- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.<br>- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.<br>- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 8 | EXERCITAMOS O CORPO | 70 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento | Progresa no coñecemento do seu corpo | TI |
| CA1.5 - Coordinar e controlar ou seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz | Coordina o corpo e o movemento, adaptando a resposta motriz ás dimensións e elementos do espazo | |
| CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas | Gústalle participar en xogos que supoñen exercicio motor como carreiras, saltos, lanzamentos... | |
| CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación. | Participa con iniciativa, respecto, empatía e evitando a discriminación e resolvendo conflitos positivamente. | |
| CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas. | Acepta as normas de xogo e identifica as situacións de risco | |
| CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas. | Participa con iniciativa, respecto, empatía e evitando a discriminación e resolvendo conflitos positivamente. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.<br>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.<br>- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.<br>- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.<br>- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.<br>- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.<br>- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.<br>- Asentamentos e actividades da contorna. |

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a empregar no desenvolvemento desta programación está baseada na seguinte concepción psicopedagóxica: partir dos coñecementos previos que posúa o alumnado tendo en conta o nivel evolutivo no que se atopan, co obxectivo de provocar neles conflictos cognitivos que contribúan á construcción de aprendizaxes significativas. Seguindo un enfoque globalizado, dentro dun clima de afecto e confianza onde cada neno e nena se sinta respetado e integrado no grupo. O alumnado será o protagonista da súa propia aprendizaxe nun ensino realista e funcional, baseado na experimentación e o contacto directo como fontes de coñecemento que lle permitan avanzar no proceso de desenvolvemento das habilidades e destrezas necesarias para a adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente.
A intervención educativa na área de Crecemento en Harmonía buscará desenvolver no alumnado o máximo desenvolvemento axustándose ao seu momento evolutivo, respectando os ritmos e as características individuais e propoñendo situacións de aprendizaxe motivadoras. Estas situacións educativas promoverán a observación, a manipulación e a exploración dos nenos e das nenas desenvolvendo aspectos motrices que faciliten o avance na súa autonomía, tanto nos movementos coma nos desprazamentos, tomando conciencia do seu corpo e das súas partes para chegar paulatinamente á interiorización do esquema corporal.
Dentro da metodoloxía desta programación destacamos:
A creación de todo o material de traballo co alumnado por parte das mestras, propiciando unha adaptación do material ás características individuais do alumnado durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe.
. En todas as unidades, haberá que levar a cabo actividades de pequenas investigacións e búsqueda de información, deseñar os pasos para chegar á meta definida, difundir o resultado e levar a cabo unha avaliación do proceso.
Ao longo das actividades empregaremos dinámicas individuais, de parella, grupos ou equipos (fomentando o traballo colaborativo e cooperativo) e de gran grupo.
Estarán moi presentes no deseño das actividades os princios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.
Para conseguir máis significativade nas aprendizaxes do alumnado empregaremos estratexias que axuden a conseguilo seguindo os principios básicos da neuroeducación no que di que o alumnado ten que sentir interese polo tema para activar as súas conexións neuronais. Isto irá acompañado de actividades que faciliten a capacidade de aprender do noso alumnado tales como rutinas de pensamento, esquemas visuais
Nesta programación empregarase un enfoque activo á hora de deseñar as actividades, buscando sempre que as persoas alumnas sexan as protagonistas activas das súas aprendizaxes. Ofreceranse sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades. Para acadalo empregaremos unha organización espacial acorde que permita levar a cabo diferentes propostas á vez e que o alumnado teña variedade para realizar. Destacarán os ambientes de aprendizaxe, recunchos, estacións de traballo
Contamos na aula cunha pizarra dixital interactiva, na que realizamos diversas actividades deseñadas polas mestras dentro de cada unidade didáctica.
O alumno se iniciará no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respetando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet, robots (escornabot, ozobot), reproductor musical |
| Material funxible: convencionais e non convencionais |
| Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...) |
| Material visual: carteis, bits, láminas... |

| |
|---|
| Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes... |
| Material curricular: Currículum, P.E.... |
| Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, kamisibai, títeres... |
| Instalacións para psicomotricidade: unha aula polivalente que fai de ximnasio 4,5 m X 13 m, un pequeno patio exterior cuberto, patios exteriores asfaltados ao redor do centro, areeiro, unha pequena zona con xogos (parque infantil), dúas pequenas zonas de terra unha delas moi inclinada e con árbores. |
| Material convencional de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, bancos, espaldeiras, tatamis, aros ( diferentes tamaños), cordas (de diferentes tamaños), picas de plástico de diversas medidas, conos, pelotas de plástico de diferentes cores, pelotas de goma-espuma de diversos tamaños, pelotas axeitadas para o bote, o lanzamento e a recepción, ancos, ladrillos, pelotas grandes, canguros, conos de sinalización, globos, sacos, teas, panos,... |
| Material de refugallo de psicomotricidade: xornais, cartóns, rodas, gomas, bolsas de plástico, vasos iogur, pelotas manipulativas con globos e arroz, pelotas de papel, feitas polos propios alumnos, botellas de plástico recicladas, chapas (plástico/metal)... |
| Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas... |
| Material de xogo simbólico |
| Comunidade educativa ( Alumnado, persoal docente e non docente, familias ) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc) |
| Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea. (parques, biblioteca Concello, etc) |
| Instrumentos musicais. |

Sinalar que, non contamos con material didáctico de editorial, os materiais cos que traballa o alumnado son elaborados polas propias mestras.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:
- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das produccións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Criterios de cualificación:**

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa cualificación en función do grado de consecución observado polo mestre/a.

**Criterios de recuperación:**

Este apartado non procede nesta etapa educativa

## 6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade rexerase polos principios de normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades, flexibilidade e accesibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia, autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.
A atención á diversidade abrangue á totalidade do alumnado; a súa finalidade e a de procurar o desenvolvemento persoal e social de cada alumna e alumno adecuando a resposta educativa ás diferentes necesidades, características persoais, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos nas ensinanzas establecidas na LOE/LOMLOE defendendo un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e colaboración e promoción da convivencia.
Para dar resposta a estas necesidades teremos en conta as directrices presentes no PE e no Plan de atención á diversidade do noso centro; así como a detección de necesidades a través de medidas de diferente natureza e xeneralidade.
Como MEDIDAS PREVENTIVAS o departamento de orientación do centro establce unha avaliación inicial do alumnado que foi obxecto de intervención ou demanda por parte da titora o curso pasado, para valorar as necesidades. Ademais atendendo ao PAD, como medida preventiva, o noso alumnado ten unha sesión á semana de PELO.
Na aula, como norma xeral, acomodaremos o proceso de ensino aprendizaxe ás condicións particulares de cada alumno/a, o que pode traducirse nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e de cooperación familiar. En síntese, a intervención educativa partirá dos coñecementos previos do alumnado, situarase na súa zona de desenvolvemento próximo respectando o seus ritmos de aprendizaxe no ánimo de que cada neno e nena vaian construíndo os seus coñecementos e desevolvéndose conforme ás súas potencialidades.
Polo tanto a atención á diversidade dentro desta programación queda reflectida como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, asi como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, poñendo especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características personais do noso grupo e alumnado, asi como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo asi un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades, e colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da linguaxe, razonamento, atención,etc)
Adecuaremos sempre a estructura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:
-Organizar o aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidade(fisiolóxicas), afectivas, de movemento e curriculares.
-Adecuar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículum axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as líñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
-Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de éste alumnado.
-Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razonamento e la atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
-Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicaciones cortas.

- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuales como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Evitar tareas repetitivas e sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades necesiten facer ese tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando siempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades levando a cabo propostas SEM para aquel alumnado que o necesite.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempe dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, de atención temperá do Concello de Bueu, servicios sanitarios, sociais,etc).

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Desenvolvemento afectivo e  xestión emocional | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Hábitos de control corporal | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Educación para o consumo responsable | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Educación igualitaria e libre de etereotipos | X | X | X | X | X | X | X | X |

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Visita ao FICBUEU | Saída ao Centro Social do Mar de Bueu para asistir á proxección de curtametraxes da Sección Cativa do Festival Internacional de Cinema de Bueu. Esta saída está enmarcarda dentro da primeira unidade didáctica | X | | |
| Os avós tamén veñen ao cole | En cada unidade invitaremos a unha persoa familiar do alumnado para que actúe como experto na materia que estamos a traballar. | X | X | X |
| Saída de campo | En cada unidade realizaremos unha saída para afondar no traballo na aula | X | X | X |
| Proxectos medioambientais, a nosa horta | Ao longo do curso escolar coidaremos a nosa horta escolar, situada no patio do noso centro. | X | X | X |
| Saída de fin de curso:Granxa Kiriko | Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final de curso | | | X |

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Conmemoracións e festas | Participaremos nas distintas conmemoracións e celebracións ao longo do curso (Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas,) en colaboración con toda a comunidade educativa. | X | X | X |
| Actividades para facilitar a transición a E.P. | Visita ao cole de primaria, coñecemento das aulas e titor@s de primeiro, xogos e/ou actividades cos alumnos/as de primeiro ciclo, acto de graduación e despedida de infantil¿ | | | X |
| II Art Of Change | Festival artístico solidario organizado polo IES adscrito da nosa localidade, no que participaremos aportando a nosa arte coa finalidade de concienciar á comunidade da importancia de coidar os océanos. | | | X |
| Aniversario de Papirus. | Actividade na que saímos co alumnado do noso centro para visitar o cole de primaria e a sua biblioteca onde vive Papirus, un polbo mascota do noso centro e festexar así o Día das Bibliotecas o 24 de outubro. | X | | |
| Entroido | Celebración do entroido coa recuperación de tradicións propias da contorna: mandadiño, paxaro do mal agoiro, comparsas¿ | | X | |
| Graduación de fin de curso. | Acto de despedida do alumnado da súa etapa en educación infantil onde estarán presentes as familias do alumnado. Ofreceremos aos asistentes unha representación teatral musical ideada e deseñada polo alumnado. A actividade terá lugar no salón de actos o IES Johan Carballeira. | | | X |
| Imos de Romaría | Actividade conxunta de todo o alumnado do noso centro. | | | X |

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Deseño das actividades adecuadas ao alumnado |
| Elementos curriculares presentes nas actividades |
| Temporalización de actividades adecuada. |
| A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe. |
| Metodoloxía empregada |
| Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas |

| |
|---|
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Utilízase diversidade de materiais para accederá información, para expresarse e para fomentar a motivación |
| Empréganse diversos recursos didácticos. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados. |
| Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades. |
| Individualización do proceso ás características de cada alumna/o. |
| Clima de traballo na aula |
| Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Existe coordinación co equipo docente |
| Promóvese a participación das familias |

**Descrición:**

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso de ensinanza para poder modificalo e melloralo.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 36000341 | CEIP Plurilingüe A Pedra | Bueu | 2024/2025 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación infantil | Relixión Católica | 6º Inf. | 1 | 35 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 12 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 12 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 13 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 13 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 14 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 14 |
| 7.2. Actividades complementarias | 15 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 15 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 16 |
| 9. Outros apartados | 16 |

## 1. Introdución

Marco lexislativo.
A formación relixiosa e moral católica conta cunha longa tradición no sistema educativo español. Considerando a declaración universal dos dereitos humanos recoñecidos pola constitución española, esta programación tivo en conta os seguintes documentos lexislativos e curriculares:
Tratados Internacionais recoñecidos por España: Declaración Universal de Dereitos Humanos, de 1948 (art. 26.3), que recoñece a liberdade relixiosa de persoas e pobos. Pacto Internacional de Dereitos Económicos Sociais e Culturais, de 1966 (art. 13.3), e a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, de 2000 (art. 10 e 14.3), que recoñecen o dereito que asiste os pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas conviccións.
Acordo internacional subscrito entre o Estado Español e a Santa Sede sobre Ensinanza e Asuntos Culturais, do 3 de xaneiro de 1979.
Constitución española, do 6 de decembro de 1978 (art. 27.2 e 3). Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Real Decreto 95/2022, do 1 de febreiro, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación infantil.
Resolución do 21 de xuño de 2022 (BOE Núm. 150), da Secretaría de Estado de Educación, pola que se publica o currículo da ensinanza de relixión católica correspondente a educación infantil. Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
Neste marco as ensinanzas de relixión católica son de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias.
Contexto.
A proposta educativa desta materia favorece o proceso educativo do alumnado, a sensibilidade espiritual e o espertar da experiencia relixiosa. Axuda a comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado en contextos plurais e diversos. Tamén complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns.
O colexio onde se imparte esta materia, O CEIP A Pedra, enmarcase na parroquia de San Martiño, concello de Bueu, bisbarra do Morrazo. Trátase dun municipio eminentemente pesqueiro; basta dicir que o 30% da poboación activa traballa nestas tarefas, acrecentándose a súa importancia polo gran número de empregos indirectos. Con unha poboación sobre 11.987 habitantes e un unha reta media bruta de 24.283 euros, ten unha taxa de desemprego rexistrada que ronda o 14,30 %.
O CEIP A Pedra é un centro público con domicilio na rúa A Pedra 26, concello de Bueu. Está adscrito ó instituto Johan Carballeira. Conta con 6 unidades de educación infantil e 12 unidades de educación primaria. Está dividido en dous edificios: O Valado, de educación infantil e A Pedra, de educación primaria. A maioría dos alumnos é castelanfalante.
A lingua vehicular, na materia de relixión católica, será o castelán, aínda que nalgún momento se visualicen producións en galego ou se cante en galego, como apoio ao plan de lectura.
A maioría dos alumnos non son novos, agás os de cuarto curso, polo que coñecen as rutinas do colexio e ao profesor.
A área de Relixión Católica impártese no ximnasio en sesións semanais de 50 minutos. O profesor que imparte a materia é Jesús M. Mouriño Rodríguez.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Descubrir, experimentar e expresar a identidade persoal a través do coñecemento do seu corpo e o desenvolvemento das súas capacidades afectivas e calidades, mediante o achegamento a figuras bíblicas e persoas significativas, para adquirir autonomía nas súas actividades cotiás e hábitos básicos de relación. | 1 | | 1 | | 1 | 1 | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX2 - Recoñecer, experimentar e apreciar as relacións persoais e coa contorna, desenvolvendo habilidades sociais e actitudes de respecto, a través de escóitaa e comprensión de narracións bíblicas, para promover valores da vida en comunidade e contribuír así á fraternidade humana. | | 1 | 1 | | 1 | | 1 | |
| OBX3 - Observar, aceptar e gozar a diversidade persoal e social descubrindo nas súas contornas próximas situacións nas que poida cooperar no coidado da casa común, desde o recoñecemento dos valores da mensaxe e os feitos de Xesús de Nazaret, para xerar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia. | | | | | 1 | 1 | 1 | 1 |
| OBX4 - Explorar e admirar diferentes contornas naturais, sociais, culturais e artísticos gozando das súas manifestacións máis significativas e descubrindo os seus valores cristiáns, para desenvolver creatividade, sensibilidade estética e sentido de pertenza. | | 1 | 1 | 1 | | 1 | | 1 |
| OBX5 - Descubrir, manifestar e xerar gusto por cultivar a súa interioridade, explorando pensamentos, emocións, sentimentos e vivencias, admirando diferentes expresións da tradición xudeocristiana e outras tradicións relixiosas, para crecer coa liberdade e seguridade necesarias que posibiliten o desenvolvemento da dimensión espiritual e as bases do propio sistema de valores e crenzas. | | | | | 1 | 1 | 1 | 1 |
| OBX6 - Coñecer e apreciar a figura de Xesús de Nazaret e da comunidade eclesial, a través de relatos bíblicos e manifestacións relixiosas da contorna, para recoñecer o específico da tradición cristiá nun contexto social de pluralidade relixiosa. | 1 | | | | 1 | 1 | | 1 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Coidamos a natureza. | Nos gusta a natureza. Deus creou un mundo moi bonito. A casa de todos. | 6 | X | | |
| 2 | Celebramos o Nadal. | Nos gusta moito o Nadal. Anuncio e nacemento de Xesús. A celebración do Nadal. | 6 | X | | |

| UD | Título | Descrición | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 3 | Xesús nos ensina a amar. | Nos coidan e nos queren. Xesús nos ensina a amar. Amar a todos. | 6 | | X | |
| 4 | Chega a Semana Santa. | As procesións de Semana Santa. Xesús está conosco. Celebramos a Semana Santa e a Pascua. | 6 | | X | |
| 5 | A virxe María, nai de Xesús. | O día da nai. María, a nai de Xesús. María, a nai de Xesús e a nai nosa. | 6 | | | X |
| 6 | Unha gran familia. | Celebramos que estamos xuntos. O Espírito Santo. A Igrexa é a gran familia de Xesús. | 5 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Coidamos a natureza. | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula. | Adquire autonomía no coidado do seu corpo e nas súas actividades cotiás. | TI |
| CA1.6 - Xeneralizar actitudes de respecto e mediación para xerar vínculos significativos de amizade e afecto, escoitando con atención relatos bíblicos nos que se considere a importancia da | Escoita con atención relatos bíblicos. | |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural. | Desenvolve as súas capacidades artísticas. | |
| CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir | Recoñece as propias emocións, descubríndoas en silencio durante breves reflexións guiadas. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.<br>- O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá.<br>- O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus.<br>- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.<br>- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.<br>- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. |

| Contidos |
|---|
| - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón.<br>- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.<br>- Admiración e coidado da natureza como creación de Deus e casa común.<br>- Identidade cristiá e contorna social.<br>- A Biblia como comunicación de Deus coas persoas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Celebramos o Nadal. | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola. | Recoñece hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns. | TI |
| CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza. | Coñece as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas da súa contorna. | |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural. | Desenvolve as súas capacidades artísticas. | |
| CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir | Recoñece as propias emocións, descubríndoas en momentos de silencio, durante breves reflexións guiadas. | |
| CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas. | Identifica a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo. | |
| CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións. | Recoñece e respecta os valores básicos do cristianismo. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.<br>- Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación.<br>- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.<br>- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. |

| Contidos |
| --- |
| - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón.<br>- Identidade cristiá e contorna social.<br>- Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas.<br>- Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.<br>- A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos.<br>- Calendario litúrxico e celebracións cristiás. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 3 | Xesús nos ensina a amar. | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
| --- | --- | --- |
| CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade. | Desenvolve hábitos de acollida e amabilidade. | TI |
| CA1.6 - Xeneralizar actitudes de respecto e mediación para xerar vínculos significativos de amizade e afecto, escoitando con atención relatos bíblicos nos que se considere a importancia da | Escoita con atención relatos bíblicos. | |
| CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo | Propicia espazos inclusivos e pacíficos de convivencia. | |
| CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas. | Recoñece sentimentos e actitudes que fomentan o respecto, a compaixón e o perdón. | |
| CA1.9 - Comprender actitudes de cooperación para a consecución de espazos pacíficos de convivencia, escoitando narracións e relatos bíblicos que propoñan modelos de respecto á diversidade | Escoita narracións e relatos bíblicos que propoñen modelos de respecto á diversidade. | |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural. | Desenvolve as súas capacidades artísticas. | |
| CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir | Recoñece as propias emocións, descubríndoas en momentos de silencio, durante breves reflexións guiadas. | |
| CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade. | Aprecia accións de servizo na vida en comunidade. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
| --- |
| - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.<br>- O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus.<br>- A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo.<br>- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.<br>- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.<br>- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón.<br>- Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais.<br>- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cris-tiá.<br>- Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais.<br>- Valoración das relacións sociais, en especial da amizade.<br>- Presentación de diversos relatos bíblicos que reflictan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados.<br>- Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 4 | Chega a Semana Santa. | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
| --- | --- | --- |
| CA1.3 - Expresar as capacidades afectivas e calidades recoñecendo posibilidades e limitacións, utilizándoos para o seu coidado e o da súa contorna e para afrontar dificultades. | Recoñece as propias posibilidades e limitacións. | TI |
| CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas. | Recoñece sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón. | |
| CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza. | Coñece as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas. | |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural. | Desenvolve as súas capacidades artísticas. | |
| CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir | Recoñece as propias emocións, descubríndoas en momentos de silencio, durante breves reflexións guiadas. | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas. | Identifica a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo. | |
| CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións. | Recoñece e respecta os valores, actitudes e características básicas do cristianismo. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.<br>- Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados.<br>- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.<br>- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.<br>- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón.<br>- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.<br>- Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e perdón.<br>- Narracións bíblicas que propoñen o perdón, a misericordia e a solidariedade como características do Reino de Deus.<br>- Identidade cristiá e contorna social.<br>- Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.<br>- A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos.<br>- A oración de Xesús.<br>- Calendario litúrxico e celebracións cristiás. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | A virxe María, nai de Xesús. | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA1.10 - Expresar en diversas linguaxes os costumes sociais da contorna que reflicten a vivencia de valores cristiáns, mostrando respecto e aprecio. | Mostra respecto pola vivencia de valores cristiáns. | TI |
| CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza. | Coñece as manifestacións culturais, relixiosas e artíticas. | |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural. | Desenvolve as súas capacidades artísticas. | |
| CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir | Recoñece as propias emocións, descubríndoas en momentos de silencio, durante breves reflexións guiadas. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.<br>- Calidades e talentos persoais propostos en figuras bíblicas e outras biografías significativas.<br>- Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa.<br>- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.<br>- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.<br>- Identidade cristiá e contorna social.<br>- Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá.<br>- Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas.<br>- A figura da Virxe María. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | Unha gran familia. | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva. | Adquire valores de escoita e agradecemento. | TI |
| CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo | Propicia espazos inclusivos e pacíficos de convivencia. | |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural. | Desenvolve as súas capacidades artísticas. | |
| CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir | Recoñece as propias emocións, descubríndoas en momentos de silencio, durante breves reflexións guiadas. | |
| CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndoas cunha actitude de asertividade e respecto. | Coñece oracións, cancións e prácticas relixiosas. | |
| CA1.15 - Describir as crenzas e valores, propias e doutros, comunicándoas con seguridade a través de diversas linguaxes, recoñecendo o silencio e a oración como elementos da experiencia es | Recoñece imaxes de algúns elementos relixiosos propios do cristianismo. | |
| CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade. | Aprecia accións de servizo na vida en comunidade. | |
| CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións. | Recoñece e respecta os valores, actitudes e características básicas do cristianismo. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.<br>- Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais.<br>- Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa.<br>- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.<br>- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.<br>- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.<br>- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón.<br>- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.<br>- Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empa-tía.<br>- A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus. |

| Contidos |
|---|
| - A vida cristiá en comunidade.<br>- Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva.<br>- Identidade cristiá e contorna social.<br>- As oracións e prácticas cristiás máis comúns na contorna social.<br>- A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos.<br>- A relación da persoa con Deus e as súas expresións comunitarias: a Igrexa.<br>- A riqueza da interculturalidade como oportunidade de desenvolvemento persoal e social. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

Teremos en conta a chamada Pedagoxía de Deus. A «pedagoxía de Deus» é a forma de proceder de Deus para coas criaturas. Este estilo educativo ten unhas características propias e irrenunciables: Deus toma a iniciativa, sempre se achega como unha oferta de amor para os nenos, servíndose da cultura propia para presentarse a si mesmo e transmitirlle a súa mensaxe.
Deste xeito, a metodoloxía para a materia de relixión católica fundaméntase na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades e estratexias, en experiencias de aprendizaxe significativo e emocional, no coidado do desenvolvemento afectivo e cognitivo dos alumnos, no aprendizaxe individualizado e cooperativo, na relación dos aprendizaxes coa contorna, nun enfoque orientado á acción e á aplicación dos saberes.
Para a atención personalizada, utilizamos dinámicas de educación emocional e comunicación empática. O método de traballo pode ser individual ou cooperativo: realizaranse tarefas que promovan a colaboración e aplicaranse técnicas de traballo formal e non formal. Aplicaremos os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, proporcionando varios xeitos de implicación, múltiples formas de representación da información e múltiples formas de acción e expresión do prendizaxe. Trátase de que todo o alumnado teña oportunidade de aprender.
A nivel máis concreto, usaremos situacións de aprendizaxe que recrean situacións significativas e cotiás da contorna persoal, familiar, social e cultural dos nenos e que se refiren ás súas necesidades e intereses. A complexidade dos retos e problemas que presentan estas situacións serán axeitados ao desenvolvemento do alumnado. As actividades que se programen terán que provocar o diálogo, o pensamento creativo e autónomo, a convivencia e o respecto á diferenza.
Outra metodoloxía fundamental nesta etapa é o xogo. Utilizaranse xogos que traballen e desenvolvan a atención, memoria, imaxinación, creatividade, comunicación e a expresión en diferentes linguaxes.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Biblia infantil. |
| Libros de apoio e de lectura. |
| Materiais diversos. |
| Imaxes de distintas producións artísticas. |
| Materiais para producións artísticas. |
| Xogos e outros elementos lúdicos. |

| |
|---|
| Monicreques. |
| Materiais audiovisuais. |
| WEB relacionadas coa materia. |

Libros de apoio e de lectura: «Nuestra casa. 5 años», SM; «Sansón y Dalila», SM; «David y Goliat», SM; «La parábola del buen samaritano», SM; e outros semellantes.
Materiais diversos: Láminas, revistas misioneiras, libros de oracións, fotografías, cómics, postais, adhesivos, carteis, calendarios, debuxos, etc. Mapas conceptuais, símbolos relixiosos e fichas de diversas fontes.
As imaxes artísticas relacionadas co cristianismo son tomadas de diversas fontes: pintura, escultura, arquitectura, fotografía, etc.
Os materiais para producións artísticas: ceras de cores, lapis, témperas, papeis de cores, rotulado res, tesoiras, cola, etc.
Os xogos e outros elementos lúdicos usaranse para provocar a resposta creativa do alumnado perante as situacións de aprendizaxe propostas, para facilitar a exploración interior, o recoñecemento de distintas emocións e como canalizalas e a relación entre as actividades cooperativas e o grao de satisfacción persoal.
Os monicreques representan a personaxes bíblicos para contar as narracións das que son protagonistas, ou personaxes dos contos que se usan cunha finalidade pedagóxica.
Os materiais audiovisuais que se utilizan son curtametraxes, contos ou fábulas, vídeos ou audicións de rutinas de interiorización guiadas: «El evangelio para peques», BDM Internacional; «La casita sobre la roca», Ewtn Mmix; e outros semellantes.
WEB relacionadas coa materia.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Facer unha avaliación inicial permítenos apreciar os coñecementos previos do alumnado para realizar as adaptacións oportunas e necesarias e poder partir dos seus coñecementos previos á hora de levar a cabo o desenvolvemento das diferentes secuencias didácticas e actividades. Neste nivel usaremos unha rutina de pensamento visual coa finalidade de explorar o grao de coñecemento sobre os personaxes bíblicos e diferentes elemento relixiosos.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Criterios de cualificación:**

avaliación en Educación Infantil será global, continua e formativa, e levarase a cabo de xeito sistemático. Os criterios na Educación infantil pretenden ser para o profesor algúns indicadores na avaliación continua e observación do alumnado co fin de reconducir o seu propio aprendizaxe. O criterio esencial é coñecer aos nenos e axudarlles no seu crecemento.
Farase a partir da análise das producións do alumnado, as escalas de valoración ou cotexo, e a observación directa e sistemática, observando as conductas e os comportamentos dos nenos, as relacións que establecen cos seus iguais e os procesos de ensino e aprendizaxe. Como en todas as áreas de Educación Infantil, na avaliación valórase sobre todo o progreso e o grao de consecución dos obxectivos, así como o interese do alumnado. Reflicitrase cos termos: Sen dificultade; En proceso; Con dificultade.

**Criterios de recuperación:**

En calquera clase de educación infantil hai alumnos con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación. A diversidade de actividades, materiais e estratexias utilizados posibilita que todo o alumnado poida atopar algunha que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.
Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio obxectivo. Trátase de que todo alumno participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e acade o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A atención educativa á diversidade é o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe; motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Ten como finalidade favorecer o desenvolvemento persoal e social de cada un dos alumnos e o seu potencial de aprendizaxe facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos. Se rexe polos principios de normalización e inclusión, equidade e igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia.
O primeiro paso será identificar o tipo de dificultades que ten un alumno. Poden deberse a dificultades específicas, problemas emotivo-relacionais ou de conduta, altas capacidades intelectuais ou condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorable.
Porase especial coidado en formar grupos heteroxéneos no traballo colaborativo que favorezan a inclusión de todo o alumnado. Favorecer a aprendizaxe con materiais manipulativos que poidan facilitar o desenvolvemento dos alumnos. Fomentar a mellora do auto-concepto e a autoestima, aprendendo a reflexionar sobre si mesmos. Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación. Reforzar os logros, por pequenos que sexan, para motivar os alumnos nas aprendizaxes.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión da lectura. | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita. | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual e dixital. | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Educación para a igualdade entre homes e mulleres. | | X | X | | X | |
| ET.5 - Educación para a non violencia e a paz e resolución de conflictos. | | X | X | X | | X |
| ET.6 - Educación para a saúde e hábitos saudables. | X | | | | X | X |
| ET.7 - Educación para o medio ambiente e consumo responsable. | X | X | | | | X |
| ET.8 - Educación emocional en valores cristiáns e dereitos do humanos. | X | X | X | X | X | X |

**Observacións:**

En todas e cada unha das unidades didácticas, en beneficio dunha educación integral e sostible, traballaranse os elementos transversais, arriba indicados, como eixe que vertebra todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Xornada do «Domund». | O alumnado deste nivel colaborará na xornada do «Domund». | | | |
| Campaña solidaria de «Cáritas». | O alumnado deste nivel colaborará na campaña solidaria no Nadal, da ONG «Cáritas». | | | |
| Día da non violencia e da paz. | O alumnado deste nivel participará nas actividades propostas dende a biblioteca escolar ou dende o equipo de actividades complementarias para festexar o día 30 de xaneiro. | | | |
| Campaña contra a fame de «Mans Unidas». | O alumnado deste nivel participará na campaña contra a fame no mundo, da ONG «Mans Unidas». | | | |
| Día das letras galegas. | O alumnado deste nivel participará nas diversas actividades propostas, dende a biblioteca escolar, para a celebración do día das letras galegas. | | | |
| Exposicións nos corredores do colexio. | Montaxe e exposición dun pequeno «Belén», ou de outros traballos, nos corredores do colexio. | | | |
| Visita a igrexa de Bueu. | O alumnado deste nivel visitará a igrexa de Bueu, capela ou santuario da contorna. | | | |
| A nosa pequena creación. | Visitaremos a horta escolar alo menos tres veces durante o curso, unha cando as plantas están acabadas de plantar, outra cando empezan a medrar e outra cando xa son visibles os produtos cultivados. | | | |

**Observacións:**

As actividades complementarias propostas serán experiencias de aprendizaxe emocional positivas, e aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Realizo a miña programación de aula de forma coherente e meditada. |
| Creo e comparto materiais didácticos para apoiar o aprendizaxe. |
| Aplico diversas metodoloxías para promover o aprendizaxe activo. |
| Realizo actividades baseadas no aprendizaxe cooperativo. |

| |
|---|
| Adapto as actividades a diversidade da aula. |
| Potencio a participación dos alumnos na aula. |
| Vinculo o aprendizaxe ca vida real. |
| Emprego técnicas e instrumentos de avaliación variados que orienten o alumnado para o seu desenvolvemento. |
| Utilizo a avaliación para favorecer a aprendizaxe. |
| Fomento a auto-avaliación e a co-avaliación. |
| Realizo formación para mellorar como profesional. |
| Respecto os aspectos confidenciais da miña profesión. |
| Evito calquera discriminación cara o alumnado, familias e co equipo docente. |

**Descrición:**

A avaliación é un elemento esencial no proceso de ensinanza-aprendizaxe e debe aplicarse tanto na aprendizaxe dos alumnos coma na revisión da práctica docente. Recoller sistematicamente información relevante sobre a nosa práctica docente permítenos readaptar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado. A finalidade non é outra que mellorar o proceso de aprendizaxe de cada alumno, o funcionamento da clase, a nosa propia práctica e o funcionamento do centro escolar.
Utilizaremos como ferramenta de auto-avaliación docente unha lista de control de diferentes indicadores de logro. Esta lista pretende ser unha guía para revisar a nosa actividade docente e poder crear a partir das nosas repostas novas liñas de mellora cara o próximo curso. Para cumprimentar esta lista de control debemos marcar a cuadrícula na que nos atopamos en relación o indicador de logro exposto. Para iso dispoñemos de catro niveis de frecuencia: Pouco; Ás veces; Frecuentemente; Sempre.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Revisaremos a programación trimestralmente. Como instrumento de avaliación empregaremos un cadro no que se reflicten diferentes aspectos:
Motivación inicial do alumnado e durante todo o proceso. Presentación dos contidos. Recursos e organización. Clima da aula. Seguimento e control de ensino-aprendizaxe. A diversidade.
Para cumprimentar esta auto-avaliación debemos marcar a cuadrícula na que nos atopamos, segundo os indicadores: Sempre; Case sempre; Case nunca; Nunca.
Como propostas de mellora destacamos a optimización dos tempos nas sesións. Programar as tarefas e actividades das unidades didácticas tendo máis en conta as pausas lectivas para coordinar as clases.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 36000341 | CEIP Plurilingüe A Pedra | Bueu | 2024/2025 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación infantil | Relixión Evanxélica | 6º Inf. | 1 | 35 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

## Contido — Páxina


| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 8 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 9 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 9 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 9 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 10 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 10 |
| 7.2. Actividades complementarias | 11 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 12 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 13 |
| 9. Outros apartados | 14 |

## 1. Introdución

Dende o equipo do CEIP  A Pedra de Bueu entendemos que a programación didáctica ocupa un lugar relevante no conxunto de tarefas docentes. Podéndose definir, como unha proposta concreta de ensinanza-aprendizaxe, concibida para un determinado grupo de alumnos/as e para un período de tempo concreto xa que ...É un valioso instrumento de axuda e orientación para a mestra.
Esta programación reflexa un "lugar" próximo, familiar, seguro, que lles axude aos nenos e as nenas a descubrir cal é o seu lugar no mundo, cales son as súas fortalezas en lugar das súas carencias, afianzando o seu ser como persoas, dende os acertos e os erros, con miradas e mans cheas de moitos "ti podes", xa que se trata dunha conquista persoal.
Para a súa elaboración baseámonos no establecido na LOE (Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación) que é modificada pola LOMLOE (Lei Orgánica 3/2022, do 29 de decembro)

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Identificar a Biblia, como o libro, polo cal Deus comunícase co ser humano, mostrando respecto á Palabra de Deus para descubrirnos distintos personaxes: exemplos, ensinos, condutas etc. | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | | | |
| OBX2 - Coñecer e apreciar a persoa de Xesucristo e o seu amor por toda a humanidades; identificando nos Evanxeos aspectos esenciais das súas accións e ensinos para poñelos en práctica no seu día a día como expresión da fe e valores cristiáns. | 1 | | | | 1 | 1 | 1 | 1 |
| OBX3 - Coñecer o amor de Deus, o Creador, que quere relacionarse coas persoas, identificando na Biblia a creación de todas as cousas e en particular do ser humano para participar no coidado da contorna natural e do propio corpo. | 1 | | 1 | 1 | 1 | | 1 | 1 |
| OBX4 - Recoñecer os valores cristiáns dentro da familia e a súa comunidade, diversas familias e contornas sociais da Biblia como o núcleo de convivencia da fe, para expresar e compartir o seu coñecemento bíblico en situacións da vida cotiá nas que participa. | 1 | 1 | | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| OBX5 - Coñecer os elementos básicos da historia bíblica descubrindo como Deus fala a determinadas persoas para descubrir os seus valores mais significativos e os seus modelos de conduta. | 1 | 1 | | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| OBX6 - Coñecer as principais características da persoa cristiá e da igrexa; identificando no Novo Testamento modelos de vivencia da comunidade cristiá, para expresar a súa relación con Deus e por en práctica devanditos modelos. | 1 | 1 | 1 | | | 1 | 1 | 1 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Descubrindo héroes da fe | Nesta unidade coñecerás grandes personaxes bíblicos. que coa súa fe en Deus lograron grandes cousas. Poderán aplicar as ensinanzas destes personaxes á súa vida cotiá, entendendo que a fe en Deus dalles forza para afrontar calqueira reto | 5 | X | | |
| 2 | Son especial | Nesta unidade aprenderán que son únicos e especiais porque foron creados por Deus, explorarán o concepto de que Deus creou a todos con amor, dándolles cualidades especiais | 5 | X | | |
| 3 | Preparando o camiño | Esta unidade levaravos a coñecer a historia do nacemento de Xesús. o Salvador. Comprenderán o significado do Nadal e como Deus cumpriu a súa misión de enviar ao seu fillo | 5 | X | | |
| 4 | Aventuras Bíblicas | Nesta unidade descubrirás as emocionantes aventuras de personaxes bíblicos que demostraron fe e obediencia a Deus. Aprender sobre personaxes bíblicos, recoñecendo como cada un obedeceu a Deus, mesmo en situacións difíciles | 5 | | X | |
| 5 | Personaxe marabilloso | Nesta unidade aprenderás a historia da morte e resurrección de Xesús, o acontecemento central da fe cristiá. Dun xeito sinxelo e adaptado á súa idade, entenderán como Xesús deu a súa vida por amor e despois resucitou, dándonos esperanza de vida eterna | 5 | | X | |
| 6 | Aventuras familiares | Nesta unidade explorarás historias de familias na Biblia. A través destas historias, entenderán a importancia da unidade familiar, o amor e a obedencia a Deus, valorando a bendición que é a familia | 5 | | | X |
| 7 | Crecendo con amor e fe | Nesta unidade aprenderás sobre como crecer no amor e na fe seguindo os pasos de Xesús,. A través de exemplos da vida cotiá, entenderán a importancia de amar aos demáis, compartir, perdoar e falar con Deus | 5 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Descubrindo héroes da fe | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA1.1 - Mostrar interese pola Biblia como medio polo que Deus se comunica, iniciándose no seu uso e escoita con coidado e respecto. | Amosa interés polas historias bíblicas. | PE |
| CA1.2. - Recoñecer, identificar e nomear acontecementos de personaxes da Biblia desenvolvendo estratexias de memorización de versículos curtos. | É capaz de identificar polo menos dous heroes da fe na Biblia e explicar, dun xeito sinxelo, como demostraron confianza e obediencia a Deus nas súas historias | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estrutura básica da Biblia.<br>- Relatos básicos do Antigo e Novo Testamento.<br>- Ensinos bíblicos acerca de Xesús.<br>- Personaxes crave da Biblia, en especial nenas e nenos.<br>- Versículos bíblicos significativos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Son especial | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA3.1 - Diferenciar o creado por Deus do feito polo ser humano, identificando elementos incluídos no relato bíblico da creación. | Diferencia os elementos creados por Deus dos que no no foron | PE |
| CA3.2 - Mostrar respecto cara á contorna natural, participando en actuacións relacionadas co seu coidado e facendo propostas para iso. | Participa en accións de coidado da contorna natural. | |
| CA3.3 - Recoñecer características específicas do ser humano que o diferencian doutros elementos da creación, valorando a súa dignidade en calquera situación. | Expresa polo menos unha calidade que o faga especial. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
| --- |
| - O mundo natural como creación de Deus.<br>- O relato bíblico da creación.<br>- Accións que axudan a coidar a contorna natural mais próxima.<br>- A dignidade do ser humano como ser creado a imaxe e semellanza de Deus.<br>- O amor, coidado e fidelidade de Deus. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 3 | Preparando o camiño | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
| --- | --- | --- |
| CA2.1 - Coñecer e identificar, nos relatos dos Evanxeos, os principais eventos da vida de Xesucristo e algunhas das manifestacións do seu amor ao ser humano, mostrando aprecio pola súa persoa e interese por seguir o seu exemplo. | É capaz de contar a historia básica do nacemento de Xesús | PE |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
| --- |
| - Relatos dos Evanxeos sobre a persoa de Xesucristo: nacemento, vida, morte e resurrección.<br>- Xesucristo, agasallo de Deus, feito home. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 4 | Aventuras Bíblicas | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
| --- | --- | --- |
| CA5.1 - Identificar personaxes significativos do Antigo Testamento, distinguindo os valores que manifestaron, como Deus lles falaba e como eles falaban con Deus e utilizalos como modelo de conduta. | Recoñece polo menos dous personaxes do Antigo Testamento que obedeceron a Deus. | PE |
| CA6.1 - Participar en actividades colectivas e contornas diversas compartindo o seu coñecemento bíblico e comparándoo con outros elementos relixiosos e culturais. | Participa activamente en polo menos dúas actividades colectivas (como xogos, dramatizacións ou debates) onde se compartan coñecementos bíblicos básicos. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Exemplos bíblicos de fe.<br>- Exemplos bíblicos de confianza.<br>- Exemplos bíblicos de adoración.<br>- Características de Deus: coñéceme, veme, óeme, axúdame, etc. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | Personaxe marabilloso | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA2.1 - Coñecer e identificar, nos relatos dos Evanxeos, os principais eventos da vida de Xesucristo e algunhas das manifestacións do seu amor ao ser humano, mostrando aprecio pola súa persoa e interese por seguir o seu exemplo. | É capaz de identificar polo menos tres acontecementos clave na vida de Xesucristo. | PE |
| CA2.2 - Distinguir e valorar aspectos básicos dos ensinos de Jesús, recoñecendo os valores cristiáns e exemplificándolos en situacións da vida cotiá. | Exemplifica polo menos unha situación da vida diaria na que poida aplicar os valores cristiáns. | |
| CA6.1 - Participar en actividades colectivas e contornas diversas compartindo o seu coñecemento bíblico e comparándoo con outros elementos relixiosos e culturais. | Menciona polo menos unha sinxela comparación entre o aprendido da Biblia e unha situación da vida cotiá. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Relatos dos Evanxeos sobre a persoa de Xesucristo: nacemento, vida, morte e resurrección.<br>- Aspectos básicos dos ensinos de Xesús.<br>- O exemplo de Xesús como modelo a seguir.<br>- A vida na igrexa.<br>- Elementos básicos do culto.<br>- A obediencia, resposta de amor a Deus. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | Aventuras familiares | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA4.1 - Comprender os criterios bíblicos en relación coa familia, aplicándoos a situacións concretas tomadas de exemplos bíblicos e de situacións cotiás. | Identifica polo menos dous criterios bíblicos sobre a familia. | PE |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Experiencias familiares: ler a Biblia, orar, celebrar festas, etc. |
| - Normas bíblicas referidas á familia: amor, respecto, honra, obediencia, etc. |
| - Colaborar, axudar e compartir en familia. |
| - Prácticas cotiás que favorecen a saúde e a convivencia. |
| - Servir á comunidade. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | Crecendo con amor e fe | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|---|
| CA4.2 - Identificar trazos do seu desenvolvemento e das súas relacións como parte do plan de Deus para a súa vida, por medio de distintas expresións, asociándoos a normas e exemplos bíblicos de relacións e actitudes. | Recoñece polo menos dous aspectos do teu desenvolvemento persoal (como a amizade e a empatía) e como se relacionan co plan de Deus | PE |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Desenvolvemento físico, mental, emocional e espiritual como parte do plan de Deus para a vida. |
| - Identidade e características dos demais. |

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía seguida na área de Relixión Evanxélica consiste en que cada tema xira o redor dun centro de interés, das experiencias dos nen@s, as situacións do entorno.
Desenrolamos unha metodoloxía activa, creativa e sobre todo participativa, onde combinamos actividades individuais con outras em gran grupo, e a aprendizaxe real dos contidos podendo levar a súa aplicación en situacións da vida diaria dos nen@s.

En todo o momento búscase que o alumno sexa o protagonista da aprendizaxe mediante a observación, a formulación de preguntas, a presentación ao resto da clase dos seus traballos, a exposición dos contidos, a realización de autoevaluacións etc.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|

Ao longo do curso utilizaremos todos os recursos que foran necesarios:

- Recursos Humanos:
  O traballo do profesor no aula con exposicións, propostas de actividades, atención individualizada,etc.

- Recursos Materiais:
- Música e cancións.
- Encerado.
- Fichas de traballo.
- Caderno de actividades.
- Franelograma.
- Medios Audiovisuais (Vídeo, DVD e Televisión, Ordenador,etc.).
- Libros de consulta (Concordancias, Atlas, Comentarios, Dicionarios Bíblicos,etc.).
- Materiais varios de manualidades (tesoiras, follas, pegamento, lapis de cores,etc.)

O principal libro de texto que utilizarán os alumnos, e que tamén servirá como guía do profesor será a Biblia.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Partiremos dunha avaliación inicial na que observaremos o estado no que se atopa o alumno ou alumna.
Posteriormente, realizaremos unha avaliación do alumno continua e formativa, con fichas e revisión das tarefas propostas na programación do aula, como un dos medios de información do grao de progresión na adquisición de coñecementos e expresión dos mesmos.
Devandita labor servirá de fonte de información para avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe, sendo outros dos factores a ter en conta: o logro dos obxectivos xerais propostos, a adecuación ou non dos contidos, a metodoloxía e os recursos utilizados na labor docente.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Criterios de cualificación:**

A avaliación en Educación Infantil será global, continua e formativa e levarase a cabo de xeito sistemático. O criterio esencial é coñecer ao neno/a e axudarlle no seu crecemento. Fárase a través da análise das produccións do alumnado, as escalas de valoración ou cotexo, e a observación directa e sistemática, observando as conductas e os comportamentos dos nenos e nenas, as relacións que establecen cos seus iguais e os procesos de ensino e aprendizaxe. Coma en todas as áreas de Educación Infantil, na avaliación valorarase sobre todo o progreso e o grao de consecución dos obxetivos, así coma o interese do alumnado. - Uso do tempo : Avaliación da capacidade do alumnado para xestionar adecuadamente o tempo destinado a realización das tarefas e actividades na clase.
- Esforzo e participación: Valoración do nivel de esforzo e disposición do alumnado para participar activamente nas actividades propostase no proceso de aprendizaxe.
-Respecto ao profesor e os compañeiros, consideración do respeto mostrado cara o profesor e os compañeiros, promovendo un ambiente de convivencia e colaboración positiva.
- Normas de funcionamiento da aula: avaliación da capacidade do alumnado para seguir e respetar as normas establecidas para o funcionamento da aula
-Atención e participación nas explicacións, observando a atención prestada e da participación activa do alumnado
_Boa actitude, motivación e esforzo
- Asistencia as sesións
-Comportamento xeral: valoración do comportamento incluíndo a interacción cos seus compañeiros, a actitude positiva, o cumprimento de normas e a realización das tarefas propostas

**Criterios de recuperación:**

Se necesitamos recuperar faríamos actividades de reforzo e ampliación

## 6. Medidas de atención á diversidade

Cada neno e nena ten as súas necesidades educativas que deben ser satisfeitas, pero isto depende de factores persoais e sociais (xénero, idade, desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos e capacidade de aprendizaxe, procedencia socioeconómica e cultural...). A diversidade é unha realidade moi actual e importante; e ademais o ensino obrigatorio é un dereito para todos os nenos e nenas. Deste xeito traballarei con aqueles alumnos/as que necesiten unha maior atención con fichas de ampliación ou actividades/exercicios que considere oportuno.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - educación para a paz | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - educación para a saúde | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - educación para a igualdade | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - educación para o consumo responsable | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - tolerancia, respeto e compañeirismo | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - educación emocional | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.7 - fomento da creatividade | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - educación dixital | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - educación para a solidaridade | X | X | X | X | X | X | X |

**Observacións:**

Traballaremos a lectura a través de diversas actividades: lendo versículos na Biblia, lendo contos relacionados coa nosa área, lendo poesías cristiás e inclusive lendo no tempo correspondente á lectura diaria.
Traballaremos coas Novas Tecnoloxías por medio de diversas actividades: escoitando música, vendo películas, buscando información na Internet, xogando no ordenador xogos didácticos bíblicos, actividades coa PDI, actividades no ordenador, etc.

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Día da Reforma | Participación en actividades que teñan que ver coas Reforma Protestante e as 5 solas de Martín Lutero | X | | |
| A nosa pequena creación | Plantaremos sementes na horta escolar que visitaremos en distintas ocasións | X | | |
| Conmemoracións | O alumnado participará nas actividades propostas dende a Biblioteca escolar ou do equipo de actividades extraescolares para festexar datas coma: o día da muller, da paz, das letras galegas, do medio ambiente | X | X | X |
| Día do Pobo Xitano | Actividades que incluirán contacontos sobre a cultura xitana, manualidades, tradicións, xogos cooperativos que fomenten a convivencia e o respeto e reflexións sobre a diversidade e a importancia da boa inclusión, fomentando así a empatía e o entendemento hacia o pobo xitano | | X | |
| Postais de amizade | Confeccionarase postais que serán enviadas a alumnos de outros centros, e que a súa vez recibiremos nos de eles | X | | |

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| A Biblia Viaxeira | O alumnado levará para a súa casa a Biblia ca mascota, e así poderá leela ca sua familia e poderá facer fotos da actividades que despois poderá compartir cos demáis compañeiros | X | X | X |

**Observacións:**

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| A programación didáctica está adaptada ás características do grupo-clase. |
| Metodoloxía empregada |
| Implantación de diversas estratexias metodolóxicas. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Amplo abano de recursos didácticos: TIC, tecnoloxía, arte, sensorial... |
| Medidas de atención á diversidade |
| Posta en marcha de actividades diferenciadas que se adapten ás diferentes necesidades e ritmos de aprendizaxe, así como estratexias e recursos de reforzo educativo, tendo en conta a DUA |
| Clima de traballo na aula |
| Fomento dun ambiente de traballo positivo e acolledor na aula, onde se prima a colaboración, o respecto e a empatía entre o alumnado |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Coordinación interdisciplinar e fomento da implicación activa das familias. |

**Descrición:**

Os instrumentos utilizados para medir os indicadores serán a rúbrica de avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe e da práctica docente que se aplicará nas sesións de avaliación inicial, nas tres sesións de avaliación parcial e na sesión de avaliación final. Ademais empregaremos outros instrumentos que nos permitirán recoller información de forma global, continua e formativa coma  o diario de aula e os traballos realizados que quedarán recollidos nun portfolio.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación informática PROENS, de xeito que cada vez rematada unha unidade didáctica realizarase dito seguimento. O seguimento das unidades permitirá tomar decisións para a programación de vindeiro curso.

## 9. Outros apartados